APLICACIÓN	PROXECTO:CÓDIGO E DENOMINACIÓN		IMPORTE	ESTADO	C.F.	CONCELLO	C.F.
342 60900	2023 2 342 1	PIREP LINEA 1: PABELLON POLIDEPORTIVO OS CAMPONS. AYUNTAMIENTO DE CAMBRE 1º ANUALIDADE	777.911,13 €	607.911,13 €	78%	170.000,00 €	22%
342 60900	2023 2 342 1	AYUNTAMIENTO DE CAMBRE 2º ANUALIDADE	1.258.760,87 €	983.678,87 €	78%	275.082,00 €	22%

O alcalde

Óscar A. García Patiño

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: 2lRkY9BCg3IRZDRyMuCG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO

ANEXO V

C.5 INFORME

ECONÓMICO-FINANCEIRO

Orzamento 2023

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible

CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

ANEXO V. INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

1. BASE LEGAL.

Redáctase o presente informe en cumprimento do esixido no artigo 168.1 e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 18.1 e) do Real Decreto 500/1990.

2. OBXECTIVO.

O informe económico- financeiro, ten por obxecto analizar as bases empregadas no cálculo dos ingresos e, en consecuencia, a suficiencia dos créditos para atender as obrigas esixibles e os gastos para o funcionamento dos servizos.

3. INFORME.

Os conceptos de ingresos, así como as bases utilizadas para o seu cálculo, expóñense seguidamente cualificando a fiabilidade de 0 a 10 nos seguintes termos

Puntos	Desviación prevista sobre o orzamentado	Fiabilidade
0	Desviación + 75% o + á baixa	Temeraria
1	Desviación + 60% á baixa	Moi imprudente
2	Desviación + 50% á baixa	Imprudente
3	Desviación + 40% á baixa	Moi baixa
4	Desviación + 30% á baixa	Baixa
5	Desviación + 20% á baixa	Media baixa
6	Desviación + 10% á baixa	Media
7	Desviación + 5 % á baixa	Media alta
8	Desviación + 0 %	Alta
9	Desviación + 10% ó alza	Prudente
10	Desviación + 20% o + ó alza	Moi prudente

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

3.1 BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS

	CAPITULO 1	
112.00	IBI Rústica	415.000,00 €
113.00	IBI Urbana	4.185.000,00 €
114.00	IBI Características especiais	12.175,51 €
115.00	IVTM	1.590.000,00 €
116.00	IIVTNU	335.000,00 €
130.00	IAE	455.000,00 €
TOTAL	IMPOSTOS DIRECTOS	**6.992.175,51 €**

112.00	IBI Rústica	415.000,00 €

1º.-Xustificación da proposta. O importe consignado neste concepto mantense respecto ao orzamentado desde 2019 a 2022 aumentado en 15.000,00 €. Se estima por esta intervención que a recadación do 2023 será superior polas novas altas no IBI destes anos.

2º.-Fiabilidade da proposta: **Alta (8)**

113.00	IBI Urbana	4.185.000,00 €

1º.-Xustificación da proposta: O importe consignado neste concepto foi estable o longo dos exercicios 2019-2022. Se estima por esta intervención que a recadación do 2023 será superior os exercicios anteriores polas novas altas así como a repercusión da nova ponencia de valores do ano 2014.

2º.-Fiabilidade da proposta: **Media (6)**

114.00	IBI Características especiais	12.175,51 €

1º.-**Xustificación da proposta**. O importe consignado neste concepto é idéntico aos dereitos recoñecidos entre 2019-22. Estímase baixo criterios de prudencia.

2º.-**Fiabilidade da proposta**: **Prudente (9)**

115.00	Imposto de Vehículos de tracción mecánica	1.590.000,00 €

1º.-**Xustificación da proposta**: Tómase como referencia o orzamentado para o exercicio 2021 e 2022.

2º.-Fiabilidade da proposta: **Media (6)**

116.00	Imposto sobre o incremento de valor dos Terreos de natureza urbana	335.000,00 €

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

1º.-Xustificación da Proposta: Tómase como referencia o recadado en 2022 o primeiro completo tras STC de 26 de outubro de 2021 e posteriores regulacións para adaptar a normativa local a mesma

2.-Fiabilidade da proposta: Alta. (8)

130.00	Imposto de Actividades Económicas	455.000,00 €

1º.-Xustificación da proposta: Tómase como referencia o orzamentado para o exercicio 2022 a baixa.

2.-**Fiabilidade da proposta**: **Media-alta. (7)**

	CAPITULO 2	
290.00	ICIO	398.000,00
TOTAL	IMPOSTOS INDIRECTOS	398.000,00

290.00	Imposto de construcións, instalacións e obras	398.000,00 €

1º.-**Xustificación da Proposta**: Tal e como indicamos ano a ano por parte da intervención municipal existe unha gran dificultade na estimación do rendemento deste tributo, tanto porque non existe un padrón anual que sirva de referencia, como a causa do seu comportamento errático en términos históricos. Xa que é imposible levar a cabo unha previsión acertada de cal vai a ser o comportamento do mercado inmobiliario no concello, posto que hai numerosos factores que poden incrementar ou reducir esta cantidade, o máis recomendable é tomar os datos de maneira prudente. Este ano, esta aplicación se orzamenta á alza por dous motivos. Os efectos da inspección tributaria e as modificacións que se pretenden incluír na ordenanza reguladora do tributo. A maiores, reiterase a **necesidade de control para acadar o orzamentado este ano en ingresos é por ese motivo polo que se fará fincapé no control financeiro deste tributo.**

2.-**Fiabilidade da proposta: Media-alta. (7)**

	CAPITULO 3	
300.00	Servizo de Abastecemento auga	1.106.000,00 €
301.00	Servizo de Rede de sumidoiros	395.000,00 €
309.00	Servizos Funerarios	11.000,00 €
321.00	Licenzas urbanísticas	125.000,00 €
323.00	Taxa por outros servizos urb.	21.000,00 €
325.00	Taxa de expedición de documentos	18.000,00 €
329.00	Taxa por outras competencias locais	14.000,00 €

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

331.00	Taxa entrada de vehículos	45.000,00 €
332.00	Taxa de utilización Privativa por parte de Empresas sum.	260.000,00 €
335.00	Ocupación vía pública terrazas	45.000,00 €
338.00	Compensación telefónica	55.000,00 €
339.00	Outras taxas por utilización privativa	35.000,00 €
341.00	Prezo público por servizos asistenciais	160.000,00 €
342.00	Prezo público por servizos educativos	30.000,00 €
343.00	pp por servizos deportivos	30.000,00 €
349.00	Outros prezos públicos	42.000,00 €
360.00	Vendas	5.000,00 €
391.00	Multas infraccións urbanísticas	12.000,00 €
391.10	Multas infrac. Tributarias	35.000,00 €
391.20	Multas infrac. Circulación	85.000,00 €
392.10	Recargo executivo	2.500,00 €
392.11	Recargo de constrinximento	90.000,00 €
393.00	Intereses de demora	20.000,00 €
399.00	Outros ingresos	8.000,00 €
399.04	Prestración de carácter non tributario depuración	395.000,00 €
TOTAL	**TAXAS E OUTROS**	**3.044.500,00 €**

TAXAS

	TAXAS	**XUSTIFICACIÓN**
300.00	Servizo de Abastecemento auga	O orzamentado no 2022, incremento mínimo
301.00	Servizo de Rede de sumidoiros	O orzamentado no 2022
309.00	Servizos Funerarios	O orzamentado no 2022, incrementado 10%
321.00	Licenzas urbanísticas	Incremento vinculado ó ICIO
323.00	Taxa por outros servizos urbanísticos	O orzamentado no 2022, incrementado
325.00	Taxa de expedición de documentos	O orzamentado no 2022
329.00	Taxa por outras competencias locais	O orzamentado no 2022, a baixa
331.00	Taxa entrada de vehículos	O orzamentado no 2022, incrementado
332.00	Taxa utilización privativa emp subministradoras	O orzamentado no 2022, incrementado
335.00	Ocupación vía pública terrazas	O orzamentado no 2022, incrementado
338.00	Compensación telefónica	O orzamentado no 2022
339.00	Outras taxas por utilización privativa	O orzamentado no 2022

	TAXAS	**Fiabilidade da proposta**
300.00	Servizo de Abastecemento auga	Media-Alta (7)
301.00	Servizo de Rede de sumidoiros	Media-alta (7)
305.00	Servizos Funerarios	Prudente (9)
321.00	Licenzas urbanísticas	Media-Alta (7)
323.00	Taxa por outros servizos urbanísticos	Media-Alta (7)
325.00	Taxa de expedición de documentos	Prudente (9)

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

329.00	Taxa por outras competencias locais	Media (6)
331.00	Taxa entrada de vehículos	Alta(8)
332.00	Taxa de utilización privativa emp subministradoras	Media-Alta(7)
335.00	Ocupación vía pública terrazas	Media-Alta (7)
338.00	Compensación telefónica	Alta(8)
339.00	Outras taxas por utilización privativa	Prudente (9)

PREZOS PÚBLICOS

PREZOS PÚBLICOS		XUSTIFICACIÓN
341.00	Prezos Públicos por servizos asistenciais	O orzamentado no 2022, incremento novas altas
342.00	Prezos públicos por servizos educativos	O orzamentado no 2022.
343.00	Precios públicos por servizos deportivos	O orzamentado no 2022.
349.00	Outros prezos públicos	O orzamentado no 2022.

PREZOS PÚBLICOS		FIABILIDADE DA PROPOSTA
341.00	Prezos Públicos por servizos asistenciais	Alta (8)
342.00	Prezos públicos por servizos educativos	Alta (8)
343.00	Prezos públicos por servizos deportivos	Alta (8)
349.00	Outros prezos públicos	Media-Alta (7)

OUTROS INGRESOS CAPÍTULO 3

OUTROS INGRESOS CAPÍTULO 3		XUSTIFICACIÓN
360.00	Vendas	O ornamentado no 2022
391.00	Multas infrac. Urbanismo	O orzamentado no 2022
391.10	Multas infrac. Tributarias	O orzamentado no 2022
391.20	Multas infrac. Circulación	O orzamentado no 2022
392.10	Recargo executivo	O orzamentado no 2022, incrementado.
392.11	Recargo de constrinximento	O orzamentado no 2022
393.00	Intereses de demora	O orzamentado no 2022
399.00	Outros ingresos	O orzamentado no 2022
399.40	Prestración de carácter non tributario depuración	O orzamentado no 2022

OTROS INGRESOS CAPÍTULO 3		Fiabilidade da proposta
360.00	Vendas	Alta (8)
391.00	Multas infrac. Urbanización	Alta (8)
391.10	Multas infrac. Tributarias	Alta (8)
391.20	Multas infrac. Circulación	Media-alta (7)
392.10	Recargo executivo	Media-alta (7)
392.11	Recargo de constrinximento	Media-alta (7)
393.00	Intereses de demora	Media-alta (7)
399.00	Outros ingresos	Media-alta (7)
399.40	Prestración de carácter non tributario depuración	Alta (8)

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

	CAPITULO 4	
420.00	Participación tributos do Estado	6.126.185,75 €
420.20	Compensación por beneficios fiscais	334.533,92 €
450.00	Transferencias incondicionais Comunidade Autónoma	756.000,00 €
450.02	Transferencia Conv. Serv-Soc-Iguald.	851.634,23 €
450.50	Transferencia de convenio emprego e desemprego	35.659,29 €
450.60	Transferencia de convenio CCAA	107.629,95 €
450.80	Outras subvencións CCAA	20.271,81 €
461.00	Subvencións Deputación	684.700,00 €
TOTAL	TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.916.614,95 €

420.00	Participación tributos Estado	6.126.185,75 €
420.20	Compensación por beneficios fiscais	334.533,92 €

1º.-Xustificación da proposta: Baseándonos nas entregas a conta do exercicio 2022.

2º.-Fiabilidade da proposta: Alta (8)

450.00	Transferencias incondicionais da Xunta de Galicia	756.000,00 €

1º.- Xustificación da proposta: A estimación realízase partindo da participación nos fondos da Xunta para 2022

2º Fiabilidade da proposta: Alta (8)

450.02	Transferencias Xunta en materia Servizos-Sociais-Igualdade.	851.634,23 €

1º.-Xustificación da proposta: Téñense en conta aquelas subvencións que se levan solicitando varios exercicios e que se veñen concedendo pola Administración autonómica con igual regularidade. As subvencións en materia de Servizos Sociais e igualdade para o ano 2023 son as seguintes:

450.02	Servicios Sociales e igualdad	
[redacted]	PLAN CONCERTADO PERSOAL	122.000,00 €
[redacted]	IGUALDADE	20.427,71 €
[redacted]	PRISMA (ED. FAMILIAR) + PÍLLARA	85.206,52 €
[redacted]	VOLUNTARIADO	4.000,00 €
[redacted]	AXUDA NO FOGAR	620.000,00 €
[redacted]		851,634,23 €

2º.-**Fiabilidade da proposta**: Alta (8)

450.50	Trans convenio emprego e des	35.659,29 €

1º.-**Xustificación da proposta:** Téñense en conta aquelas subvencións que se levan solicitando varios exercicios e que se veñen concedendo pola Administración autonómica con igual regularidade. En concreto, son as seguintes:

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

450.50	Subvencion empleo y des. Local	
	SUBVENCIÓN ADL	10.659,29 €
	ORIENTADORA LABORAL	25.000,00 €
		35.659,29 €

2º.-Fiabilidade da proposta: **Alta (8)**

Outras Subvencións da Comunidade Autónoma:

1º.-**Xustificación da proposta:** Téñense en conta aquelas subvencións que se levan solicitando varios exercicios e que se veñen concedendo pola Administración autonómica. En concreto, son as seguintes:

450.60	Cumprimento de Convenios	
	CULTURA	5.000,00 €
	MANTEMENTO CENTROS DE SAÚDE	55.620,00 €
	PXOM	47.009,95 €
450.80	Outras	
	OMIX	2.831,81 €
	CONCILIACIÓN	15.000,00 €
	ACT. BIBLIOTECA	2.440,00 €

2º.-Fiabilidade da proposta: Alta (8)

461.00	Subvencións Deputación	**684.700,00 €**

1º.-**Xustificación da proposta**: Téñense en conta aquelas subvencións que se levan solicitando varios exercicios e que se veñen concedendo pola Administración provincial con regularidade, na súa maioría xa confirmadas máis outras que se recibiron no último ano, algunha delas confirmadas. Son as detalladas na memoria de Alcaldía

2º.-Fiabilidade da proposta: Alta (8)

	CAPITULO 5	
520.00	Xuros de depósitos	6.000,00 €
TOTAL		0,00 €

520.00	Xuros de depósitos	6.000,00 €

1º.-**Xustificación da proposta**: O cálculo realizouse tendo en conta as subidas dos tipos de xuros ó longo do exercicio 2022

2º.-**Fiabilidade da proposta: Alta (8)**

	CAPITULO 7	
720.00	Subvención do Estado inversións	607.911,13 €

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

750.80	Subvención Xunta Galicia libros	1.500,00 €
760.00	Subvención Deputación	231.980,63 €
TOTAL	TRANSFERENCIAS CAPITAL	841.391,76 €

1º.-**Xustificación da proposta:** A motivación desta previsión obedece ás subvencións concedidas para o exercicio 2023. A non concesión levaría á imposibilidade de executar os investimentos vinculados, polo tanto a fiabilidade é alta.

2º.-**Fiabilidade da proposta**: **Alta (8)**

	CAPITULO 8	
830.01	Reintegro de anticipos persoal	30.000,00 €
840.01	Reintegros fianzas e depósitos	3.610,00 €
TOTAL	ACTIVOS FINANCEIROS	33.610,00 €

	CAPITULO 9	
911.00	Préstamo a longo prazo	47.000,00 €
TOTAL	PASIVOS FINANCEIROS	47.000,00 €

TOTAL	ACTIVOS FINANCEIROS	33.610,00 €

1º.-**Xustificación da proposta:** A motivación desta previsión obedece ao orzamentado para activos en ingresos entendendo que o que é un gasto a priori pasará a ser un ingreso no momento do seu reintegro

2º.-**Fiabilidade da proposta**: **Alta (8)**

TOTAL	PASIVOS FINANCEIROS	47.000,00 €

1º.-**Xustificación da proposta:** A motivación desta previsión obedece a concertación dun préstamo cunha entidade privada de crédito.

2º.- **Fiabilidade da proposta**: **Alta (8)**

Resumo por capítulos

CAPITULO		CUALIFICACIÓN GLOBAL
1	IMPOSTOS DIRECTOS	Media-Alta (7)
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	Media-Alta (7)
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	Media-Alta (7)
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	Alta (8)
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	Alta (8)
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	Alta (8)
8	ACTIVOS FINANCEIROS	Alta (8)
9	PASIVOS FINANCEIROS	Alta (8)

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

3.2. SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES

A cuantificación dos créditos orzamentarios debe de realizarse partindo das premisas seguintes:

a) Valoración da relación orzamentaria do persoal, de conformidade co disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, xa que no momento de realización deste informe se encontra pendente de aprobación. (borrador recolle un 2,5%)

b) Os compromisos adquiridos con terceiros, mediante contratos, convenio, pactos ou acordos.

c) A cuantificación das necesidades de gastos correntes e servizos facilitados polos diferentes departamentos administrativos.

d) Os créditos necesarios para dar cobertura orzamentaria aos novos proxectos de investimento a iniciar no 2023, así como a obra plurianual de “Mellora de Eficiencia enerxética”.

e) Os gastos de amortización das operacións de crédito vixentes e para o pagamento dos xuros de todas e cada unha das operacións concertadas, consolidadas e en período de carencia.

f) Os gastos previstos en concepto de transferencias correntes dentro da actividade de fomento do concello para o exercicio 2023.

3.3. NIVELACIÓN ORZAMENTARIA.

Sobre a base das previsións de ingresos e gastos nivélase o orzamento de gastos e ingresos na cantidade de 20.279.292,22 €

O interventor

Francisco Javier Ulloa Arias

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: RdwlvouCn/qTVhtKcXWR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO

Anexo VI.

C.6 INFORME SOBRE OS BENEFICIOS FISCAIS

Orzamento 2023

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible

CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

1. ANTECEDENTES.

O artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, foi modificado segundo redacción do apartado dous da disposición final primeira do Real decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico («BOE» 30 decembro. Vixencia: 31 decembro 2014).

A nova redacción inclúe como documentación que debe unirse ao Orzamento da Entidade Local, entre outros, o seguinte:

(...)

e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.

(...)

Entende que este Anexo ha de ter como principal obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos locais, delimitando o concepto de beneficio fiscal e examinando as modificacións normativas recentes que puideran afectar ao importe total de beneficios fiscais a ter en conta no exercicio 2022 e que haberán de ser recollidos nos acordos plenarios correspondentes, por tratarse de modificacións nas ordenanzas fiscais da entidade.

Aínda que a citada disposición non especifica o contido concreto de dito Anexo, enténdese que deberá abarcar todos os tributos locais cuxas ordenanzas fiscais reguladoras recollan algún tipo de beneficio fiscal de aplicación e que poida ser avaliado cuantitativamente; o que supón dispoñer de información suficiente e dunha metodoloxía que permita realizar tal cálculo.

Hai que ter en conta que este Concello ten delegada na Deputación a xestión e recadación dos impostos principais deste Concello, cales son o Imposto sobre Bens Inmobles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Por isto, a información que lles ofrece o seu sistema informático, é da que se dispón á hora de cuantificar o importe a que ascenden as

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

exencións e bonificacións que se aplican aos suxeitos pasivos dos impostos xestionados en base a dita delegación

2. RESUMO DOS BENEFICIOS FISCAIS RECOLLIDOS NAS ORDENANZAS

2.1 BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Ó I.B.I.

Artigo 4º. – Bonificacións

A.- Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

(...)

B.- Terán dereito a unha bonificación de entre o 50 e o 90 por cento na cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo coas seguintes categorías:

- Bonificación do 50 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral.
- Bonificación do 90 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa especial.

(…)

C.- En base ao establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación de ata o 95% sobre a cota íntegra do imposto, os inmobles nos que se implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, definidas neste punto, que xustifiquen tal declaración, e sempre que coincida o suxeito pasivo do imposto co titular da actividade que crea o emprego. A dita declaración será ditada polo Pleno da Corporación e

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

1. As bonificacións aplicaranse respecto do inmoble no que se desenvolva a actividade que incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, ou por transformación dos temporais en indefinidos, como consecuencia de implantación ou ampliación, relacionada sempre co inmoble, dunha actividade económica ou empresarial.

2. Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

3. O emprego indefinido obxecto da bonificación, para cada exercicio bonificado, deberá manterse durante un período de dous anos.

4. O prazo de aplicación desta bonifiación será como máximo de tres períodos impositivos e aplicarase desde o período impositivo seguinte á data de autorización de inicio da actividade no local.

(…)

2.2. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Ó I.V.T.M.

Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a Nome de

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento. (...)

2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar, desfrutarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto.

3. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen neste apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimice as emisións contaminantes. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.
- Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisións nulas. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.3 BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Ó I.I.V.T.N.U.

Artigo 4º. – Exencións.

1. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes:

a) A constitución e transmisión de calquera dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles.

Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servicios técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmoble en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada."

2. Así mesmo están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia nas seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ás que pertenza o Municipio, así como os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo.

b) O Concello de Cambre e as Entidades Locais integradas ou nas que se integre o mesmo, e os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social, e de Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) As persoas ou entidades a favor das cales se recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

f) Os titulares de concesións administrativas reversibles, respecto dos terreos afectos ás mesmas.

g) A Cruz Vermella Española.

Artigo 9º. - Cota tributaria.

1. A cota integra do imposto será a que resulte de aplicarlle á base impoñible o tipo do 22 por cento.

2. A cota líquida será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación seguinte:

Gozarán dunha bonificación do 75 por cento na cota do imposto, as transmisións de terreos ou a transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo, por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados de primeiro grao, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes de primeiro grao, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto e, polo menos, durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadroamento.

Aos efectos do desfrute da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade, a lo menos durante un ano, e acredite a súa inscrición no rexistro de unións de parellas de feito en virtude de certificado expedido ao efecto.

Para gozar desta bonificación será preciso que o sucesor manteña a adquisición durante os catro anos seguintes ao devengo deste imposto. De non cumprirse este requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación aplicada cos correspondentes xuros de demora.

O suxeito pasivo realizará este ingreso complementario polo procedemento de autoliquidación no prazo dun mes contado dende a transmisión que orixina a perda da bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, pudendo solicitarse dende a data de devengo do imposto ata a finalización do prazo de declaración-liquidación do mesmo. As solicitudes presentadas dentro

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

deste prazo, de non ser resoltas nun mes dende a súa presentación, entenderanse concedidas por silencio administrativo.

2.4 BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Ó I.C.I.O.

Artígo 4º. - Bonificacións.

1. As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar disfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da vivenda, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

2. As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados, desfrutarán dunha bonificación do 90 por cento da cota resultante de aplicar, no seu seu caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior.

(...)

4.- En base ao establecido no apartado a) artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terá dereito a unha bonificación de ata o 95% na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial que fora declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, definidas neste punto, que xustifiquen tal declaración e sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego. polo Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.1. A bonificación aplicarase únicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos.

4.2. Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

O emprego indefinido obxecto de bonificación, para cada exercicio bonificado, deberá manterse durante un período de dous anos.

(…)

2.5. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

Artigo 5º.- Exencións.

Terán unha exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto.

Artigo 8º.- Bonificacións da cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa, salvo no concerninte a dereitos de inscripción en procesos de selección de persoal en que se aplicará unha reducción do 50 % da tarifa a aqueles que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.6. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA LICENZAS URBANÍSTICAS

Artigo 7º. - Exencións.

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que teñan ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.

2.7. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

Para disfrutar da presente bonificación, a renda neta conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza o beneficiario ten que ser a seguinte:

a. Igual ou inferior a 1,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso dun único membro na unidade de convivencia.
b. Igual ou inferior a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous membros na unidade de convivencia.
c. Igual ou inferior a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa tres ou máis membros na unidade de convivencia.

(…)

Aos excesos sobre o mínimo facturable aplicarase a tarifa establecida no 5º da presente ordenanza fiscal, según corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.8. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA CEMITERIOS

Artigo 5º. - Exencións subxectivas.

Están exentos os servizos que se presten con ocasión de:

1) Os enterramentos dos veciños incluídos na beneficencia municipal.

2) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

2.9. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

Para disfrutar da presente bonificación, a renda neta conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza o beneficiario ten que ser a seguinte:

a. Igual ou inferior a 1,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso dun único membro naunidade de convivencia.
b. Igual ou inferior a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous membros na unidade de convivencia.
c. Igual ou inferior a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa tres ou máis membros na unidade de convivencia.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os multiplicadores de renda respecto do IPREM de 14 pagas establecidos no parágrafo anterior incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

a. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
b. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia acredite a situación de violencia dexénero, conforme ao establecido na lexislación vixente.
c. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña a condición de vítima deterrorismo, conforme ao establecido na lexislación vixente.
d. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia se atope en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III, conforme ao establecido na lexislación vixente.
e. Que o usuario acredite que a unidade de convivencia está integrada por un único proxenitor e, polo menos, un menor.

Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, ou 1.C, do artigo seguinte, según corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico de auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas sempre que todos eles estean empadroados na mesma, así como as vivendas no que o pagador da póliza de abono ostente a condición de titular de familia numerosa.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O importe das bonificacións será o seguinte:

a) Os pagadores de pólizas de vivendas habitadas por máis de cinco e menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.

No caso do titular de familias numerosas, de ata sete membros, terán esta mesma bonificación.

b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezodos m3 consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o Concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o disfrute das mesma. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non aportar a xustificación necesaria nese termo, procederase a revocar a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

2.10. BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIOS POLO SERVIZO DE DEPURACIÓN

A. Aplicarase unha bonificación do 100% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.
(...)

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

B. Aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.

(...)

C. O recoñecemento das bonificacións contidas nos parágrafos anteriores realizarase por resolución do órgano municipal competente á vista dos recoñecementos das mesmas polo organismo autonómico competente na cota íntegra do canon do auga ao abeiro do disposto no Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

2.11 . BENEFICIOS FISCAIS RELATIVOS Á TAXA PROTECCIÓN CIVIL

Artigo 5º.- Exencións subxectivas

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional.

3. CONCLUSIÓNS.

Os importes estimados para o 2022 son os que figuran no anexo. Se trata de importes estimados posto que no momento de finalizar o informe non está rematado o exercicio.

O Interventor

Francisco Javier Ulloa Arias

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TRIBUTO	BENEFICIOS FISCALES 2023	IMPORTE 2022
I.B.I.	**A.**- Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado. (...) **B.**- Terán dereito a unha bonificación de entre o 50 e o 90 por cento na cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo coas seguintes categorías: Bonificación do 50 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral. Bonificación do 90 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa especial. (…) **C.-** En base ao establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación de ata o 95% sobre a cota íntegra do imposto, os inmobles nos que se implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, definidas neste punto, que xustifiquen tal declaración, e sempre que coincida o suxeito pasivo do imposto co titular da actividade que crea o emprego. A dita declaración será ditada polo Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. 1. As bonificacións aplicaranse respecto do inmoble no que se desenvolva a actividade que incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, ou por transformación dos temporais en indefinidos, como consecuencia de implantación ou ampliación, relacionada sempre co inmoble, dunha actividade económica ou empresarial. 2. Establécense os seguintes tramos de bonificación: Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%. Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%. Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75% Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%. Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85% Pola creación de 20 postos de traballo, o 90% Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%. 3. O emprego indefinido obxecto da bonificación, para cada exercicio bonificado, deberá manterse durante un período de dous anos. 4. O prazo de aplicación desta bonifiación será como máximo de tres períodos impositivos e aplicarase desde o período impositivo seguinte á data de autorización de inicio da actividade no local. (…)	**223.941,93 €**
I.A.E.	Non se recollen na Ordenanza Fiscal beneficios fiscais. O importe corresponde aos beneficios recollidos na normativa estatal.	**14.161,02 €**
I.V.T.M.	1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a Nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento. 2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar, disfrutarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto. 3. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se disponen neste apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes: Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimice as emisións contaminantes. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas. Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisións nulas. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas. 4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.	**112.209,62 €**
I.I.V.T.N.U.	4. 1. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes: a) A constitución e transmisión de calquera dereitos de servidume. b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles. Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente. Os servicios técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmoble en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras. c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios. Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais. Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitinte ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente. Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos. Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada." 2. Así mesmo están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia nas seguintes persoas ou entidades: a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ás que pertenza o Municipio, así como os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo. b) O Concello de Cambre e as Entidades Locais integradas ou nas que se integre o mesmo, e os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo. c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico docentes. d) As entidades xestoras da Seguridade Social, e de Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. e) As persoas ou entidades a favor das cales se recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais. f) Os titulares de concesións administrativas reversibles, respecto dos terreos afectos ás mesmas. g) A Cruz Vermella Española. 9.2 Gozarán dunha bonificación do 75 por cento na cota do imposto, as transmisións de terreos ou a transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo, por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados de primeiro grao, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes de primeiro grao, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto e, polo menos, durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadroamento. Aos efectos do desfrute da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade, a lo menos durante un ano, e acredite a súa inscrición no rexistro de unións de parellas de feito en virtude de certificado expedido ao efecto. Para gozar desta bonificación será preciso que o sucesor manteña a adquisición durante os catro anos seguintes ao devengo deste imposto. De non cumprirse este requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación aplicada cos correspondentes xuros de demora. O suxeito pasivo realizará este ingreso complementario polo procedemento de autoliquidación no prazo dun mes contado dende a transmisión que orixina a perda da bonificación. A bonificación terá carácter rogado, pudendo solicitarse dende a data de devengo do imposto ata a finalización do prazo de declaración-liquidación do mesmo. As solicitudes presentadas dentro deste prazo, de non ser resoltas nun mes dende a súa presentación, entenderanse concedidas por silencio administrativo.	**6.542,64 €**

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: eIG12Fr3zPBIlkpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

I.CI.O.	1. As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar disfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da vivenda, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. 2. As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados, desfrutarán dunha bonificación do 90 por cento da cota resultante de aplicar, no seu seu caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior. (...) 4.- En base ao establecido no apartado a) artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terá dereito a unha bonificación de ata o 95% na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial que fora declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, definidas neste punto, que xustifiquen tal declaración e sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego. polo Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. 4.1. A bonificación aplicarase únicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos. 4.2. Establécense os seguintes tramos de bonificación: Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%. Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%. Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75% Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%. Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85% Pola creación de 20 postos de traballo, o 90% Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%. O emprego indefinido obxecto de bonificación, para cada exercicio bonificado, deberá manterse durante un período de dous anos	**669,86 €**
TAXA EXP. DOCUMENTOS	Terán unha exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto. Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa, salvo no concerninte a dereitos de inscripción en procesos de selección de persoal en que se aplicará unha reducción do 50 % da tarifa a aqueles que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación.	**200,00 €**
TAXA LIC. URBANÍSTICAS	Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que teñan ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.	**0,00 €**
TAXA ALCANTARILLADO	Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre. O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. Para disfrutar da presente bonificación, a renda neta conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza o beneficiario ten que ser a seguinte: Igual ou inferior a 1,5 veces o índice de 14 pagas, no caso dun único membro na unidade de convivencia. Igual ou inferior a 2 veces o índice de 14 pagas, no caso de que haxa dous membros na unidade de convivencia. Igual ou inferior a 2,5 veces o índice de 14 pagas, no caso de que haxa tres ou máis membros na unidade de convivencia. (…) Aos excesos sobre o mínimo facturable aplicarase a tarifa establecida no 5º da presente ordenanza fiscal, según corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma	**4.087,50 €**
TAXA CEMENTERIOS	Están exentos os servizos que se presten con ocasión de:1) Os enterramentos dos veciños incluídos na beneficencia municipal.2) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.	**0,00 €**
TAXA SUMINISTRO DE AGUA	1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes, titulares ou pagadores das pólizas de abono, cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, 1.B ou 1.C, do artigo seguinte, segundo corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma. 2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de titular de familia numerosa e sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda.	**7.946,50 €**
PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CAR. PÚB. NON TRIB. DA DEPURACIÓN	**A.** Aplicarase unha bonificación do 100% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente. **B**. Aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.	**5.136,41 €**
TAXA PROTECCIÓN CIVIL	Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais Inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional.	**0,00 €**
	TOTAL	**374.895,48 €**

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible

CVD: eIG12Fr3zPBIlKpVyl+h
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO

ANEXO VII

C.7 INFORMACIÓN CONVENIOS COAS

CC.AA. DE GASTO SOCIAL

Orzamento 2023

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: rChw4Oi7ktw7jFL8kF29
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: rChw4Oi7ktw7jFL8kF29
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO

CONCELLO DE CAMBRE

INFORMACIÓN RELATIVA AOS CONVENIOS SUBSCRITOS COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS EN MATERIA DE GASTO SOCIAL

Convenio	Clausula de Retención	GASTOS				INGRESOS			
		Aplicación orzamentaria Gasto	Descrición	Previsión de obrigas de pago exercicio corrente	Obriga pendente de pago de pechados	Aplicación orzamentaria	Descripción	Previsión de dereitos de cobro exercicio corrente	Derechos pendentes de cobro de exercicio pechado
Programa "Xantar na casa"	---------	231/48003	Servizo de atención alimentaria no fogar para persoas maiores co obxectivo principal de retrasar o máximo posible a institucionalización favorecendo a súa autonomía	25.000,00 €	---------	---------	A Xunta de Galicia asume directamente o 46,66 por cento do custe total do servizo a través de transferencia para tal fin que abona directamente ao prestador do servizo, polo que o Concello non ten ingresos por este concepto		
Convenio programa entre a Xunta e a Administración do Estado para o desenvolvemento dos Servizos Sociais	---------	231/22799	Cofinanciar o programa de Axuda no fogar, que consiste na atención personalizada aos colectivos máis vulnerables, especialmente a terceira edade e persoas con discapacidade	1.234.000,00 €	---------	450.02	Transferencias correntes Convenios Servizos Sociais e Igualdade	620.000,00 €	---------
	---------	231/1XX	Cofinanciar gastos derivados da retribución do persoal de servizos sociais do Concello de Cambre para o desenvolvemento dos programas sociais e a atención individualizada das unidades familiares	390.794,05 €	---------	450.02	Transferencias correntes Convenios Servizos Sociais e Igualdade	122.000,00 €	---------
		TOTAL		1.649.794,05 €	0,00 €	TOTAL		742.000,00 €	0,00 €

CAMBRE
CONCELLO

D. INFORME DE INTERVENCIÓN AOS ORZAMENTOS

Orzamento 2023

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible

CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

INFORME DE INTERVENCIÓN JUA 484/2022

ASUNTO: Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio 2023

1. ANTECEDENTES.

Formado o orzamento e remitido a intervención, eu, Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de Cambre, emite informe ao Orzamento Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio 2023.

O TRLRFL adica o seu Título IV, Capítulo I á regulación dos orzamentos das Entidades Locais. Así na Sección 1ª (artigos 162 a 171) regula o contido e procedemento de aprobación dos orzamentos. Establece que as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento da propia entidade así como dos organismos autónomos dependentes da mesma.

De acordo co establecido no artigo 168.4 do TRLRFL: *"sobre la base de los presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados 1 y 2 anteriores, el presidente de la entidad formará el presupuesto general y lo remitirá, informado por la intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 del artículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución."*

En canto o titulo competencial que habilita a emisión deste informe, o artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo que regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación estatal indica:

"1. El control interno de la gestión económico-financiera y presupuestaria se ejercerá en los términos establecidos en la normativa que desarrolla el artículo 213 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y comprenderá:

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) La función interventora. (...) 2.º El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos."

O expediente ten o seguinte detalle:

Orzamento	Exercicio 2023
Órgano propoñente	Alcaldía
Órgano resolutorio	Pleno
Quórum necesario	Maioría simple

2. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- (LALG) Artigos 5.1 e 232.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, sobre normas reguladoras da Administración Local de Galicia.
- (LBRL) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- (LXO) Lei 47/2006, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria.
- (RD 500/90) Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- (TRLRFL) Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- (LOEPSF) Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- (ROF) Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- (RSCL) Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións locais.
- Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal da contabilidade local.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Orde EHA 3565/2008, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola OM HAP/419/2014 de 14 marzo.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

3. INFORME

Primeiro.- Concepto e contido dos orzamentos xerais.

+ *Concepto*: De acordo co establecido no artigo 162 do TRLRFL, os orzamentos constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións dos ingresos e gastos das Sociedades Mercantís de capital íntegro pertencente á entidade local correspondente.

+ *Contido*: En base ao previsto no artigo 164 do TRLRFL , en concordancia co artigo 5 do RD 500/90, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

a) O Orzamento da propia entidade.
b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís de capital íntegro local.

En canto ao contido propiamente dito, a normativa establece (artigo 165 TRLRFL e 8 e 9 do RD 500/90) que o Orzamento Xeral conterá para cada un dos orzamentos que o integran:

- Os estado de gastos, nos que se incluirán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- As bases de execución que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas do preceptuado para o Orzamento.

- Anexos: Ao Orzamento Xeral uniranse como anexos (artigos 166 TRLRFL e 12 do RD 500/90):

    1. Os plans e programas de inversión e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular os municipios e demais entidades de ámbito supramunicipal.
    2. Os programas anuais de actuación, inversións e financiamento das Sociedades Mercantís de capital social total ou maioritario de titularidade da Entidade Local.
    3. O estado de consolidación do orzamento da propia Entidade co de tódolos orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.
    4. O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao inicio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do mesmo e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

+ *Formación e documentación*: Tendo en conta o previsto no artigo 168 do TRLRFL en concordancia co establecido no artigo 18 do RD 500/90, o Orzamento da Entidade Local

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

será formado polo seu Presidente e ao mesmo haberá de unirse, para a súa elevación ao Pleno, a seguinte documentación:

- Memoria subscrita polo Presidente explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do mesmo, subscritas, unha e outra, polo Interventor e confeccionadas conforme dispón a Instrución de Contabilidade.
- Anexo de persoal da Entidade Local, no que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na mesma, de forma que se de a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento.
- Anexo das inversións a realizar no exercicio, subscrito polo Presidente e debidamente codificado.
- Informe económico-financeiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos, e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

E a maiores tras a aprobación do Real Decreto Lei 17/2014 de 26 de decembro:

- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais con información detallada dos devanditos beneficios e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- Tal e como establece o artigo 168 TRLRFL: "*Anexo con información relativa a los convenios suscritos con las Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación de la cuantía de las obligaciones de pago y de los derechos económicos que se deben reconocer en el ejercicio al que se refiere el presupuesto general y de las obligaciones pendientes de pago y derechos económicos pendientes de cobro, reconocidos en ejercicios anteriores, así como de la aplicación o partida presupuestaria en la que se recogen, y la referencia a que dichos convenios incluyen la cláusula de retención de recursos del sistema de financiación a la que se refiere el*

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

artículo 57 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local."

O Orzamento de cada un dos Organismos Autónomos integrantes do Xeral, proposto inicialmente polo órgano competente dos mesmos, será remitido á Entidade local da que dependan antes do 15 de setembro.

A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo Orzamento obxecto deste informe, axústase ao disposto na OEO ditada en cumprimento do artigo 167 do TRLRFL tomando en conta a última modificación operada en 2014.

Polo que se refire ós ANEXOS, incorpóranse os seguinte:

O Estado de Previsión e movementos de situación da débeda, comprensiva do detalle das operacións de crédito pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, distinguíndose entre operacións de crédito a longo e curto prazo. (ANEXO DÉBEDA)

No referente á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA, a unir ao orzamento da entidade, estímase que se incorpora a documentación esixida pola Lei.

1. Memoria subscrita polo Presidente, explicativa do seu contido e das principais modificacións. (ANEXO I)
2. Liquidación do orzamento do 2021, e avance da liquidación do 2022. (ANEXO II)
3. Anexos de persoal, tanto de funcionarios como de persoal laboral, incluíndo as retribucións por dedicacións exclusivas e os gastos do persoal de confianza. (ANEXO III)
4. Anexo de Investimentos, subscrito polo Presidente e debidamente codificado con mención a obra plurianual. (ANEXO IV)
5. Informe económico- financeiro, no que se fai referencia aos aspectos citados no artigo 18 do RD 500/90. (ANEXO V)

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6. Informe sobre os beneficios fiscais. (ANEXO VI)
7. Informe sobre convenios subscritos cas Comunidades Autónomas en matería de gasto social (ANEXO VII)

O proxecto así conformado constitúe o estado sobre o que debe de recaer o acordo único do Pleno da Corporación, non sendo posible a aprobación separada de cada un deles, de acordo co establecido no 168.5 do TRLRFL.

Segundo.- Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación regúlase nos artigos 168 e seguintes do TRLRFL, así como nos artigos 18 e seguintes do RD 500/90.

Neste senso, o procedemento pódese resumir do seguinte xeito:

Incoación.- A incoación do expediente corresponde ao Presidente da Corporación. Así o artigo 18.4 do RD 500/90 determina que, sobre a base do orzamentos e estados de previsión o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria antes do 15 de outubro para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución.

Aprobación inicial.- En base ao previsto no artigo 18.5 do RD 500/90, o acordo de aprobación, que será único, terá que detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente, salvo no caso dos correspondentes a organismos que se creen unha vez aprobado aquel. Esta aprobación inicial polo Pleno, require previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, xa que tal e como establece o artigo 123.1 do ROF, as Comisións Informativas, integradas exclusivamente polos membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación. Por outra banda, para a válida adopción do acordo requírese **maioría simple** dos membros da presente (art. 47.1 da LBRL).

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Información pública.- En canto á información pública, o artigo 20 do RD 500/90 determina que o acto de aprobación provisional do Orzamento Xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ó público, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e simultaneamente porase a disposición do público a correspondente documentación por un prazo de 15 días hábiles.

Reclamacións.- Durante o prazo de exposición ao público, o orzamento poderá ser reclamado polas persoas interesadas previstas no artigo 22.1 do RD 500/90 e polos motivos previstos no apartado 2 do mesmo artigo.

Aprobación definitiva.- O Orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o periodo de exposición pública non se presentaran reclamacións. No caso de que se formularan reclamacións, estas deberán de resolverse polo Pleno da Corporación no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á finalización do prazo de exposición ao público e as reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, de non resolverse o acto de aprobación definitiva. A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación realizarase antes do día 31 de decembro do ano anterior ao exercicio en que deba de aplicarse, nembargantes, admítese a prórroga orzamentaria (artigo 21 do RD 500/90) no caso en que non se produza a aprobación no prazo indicado.

Publicidade.- O Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, con ou sen modificacións sobre o inicial, publicarase, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dera cumprimento a tal requisito (art. 20.3 e 20.5 do RD 500/90).

Comunicación a outras Administracións Públicas.- En base ao previsto no artigo 20.4 do RD 500/90, do Orzamento Xeral debidamente aprobado, remitirase copia á correspondente Comunidade Autónoma e á Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Terceiro.- Suficiencia dos créditos para facer fronte ao cumprimento das obrigas.

A cuantificación dos créditos orzamentarios debe realizarse partindo das seguintes premisas:

En canto ao capítulo 1 (Gastos de persoal), este capítulo é analizado nun apartado específico do presente informe.

En canto ao Capítulo 2, no que se recollen os créditos previstos para **gastos correntes**, inclúese consignación para afrontar as obrigas derivadas dos contratos de subministración ou servizos que, segundo consta nesta intervención, ten subscritos o Concello de Cambre así como para a execución de novos gastos non previstos no exercicio anterior e que se describen na memoria da Alcaldía, e que se terán que valorar a hora de proceder a súa contratación.

No Capítulo 3 e 9 prevense os créditos necesarios para afrontar os **gastos financeiros e de amortización da débeda**, derivados dos intereses e amortización das operacións de crédito en vigor, nos termos detallados no Estado da Débeda que forma parte do proxecto de orzamento que agora se informa.

Os Capítulos 4 e 7 inclúen os gastos destinados a **transferencias correntes e de capital** a institucións, empresas, asociacións, grupos políticos e emerxencias sociais. É necesario poñer de manifesto que, cando se leve a cabo a execución dos créditos destes capítulos e, polo tanto, a asignación efectiva dos fondos deles derivados, esta execución deberá axustarse ao previsto nas Bases de Execución do Orzamento e no Segundo Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2023).

É de destacar a consolidación do plan estratéxico de subvencións como elemento regulador da actividade de fomento do Concello. O paso final, como xa reiteramos en anteriores orzamentos e que deberá de darse no marco da comisión creada *ad hoc* para o estudo das subvencións e a aprobación dunha ordenanza reguladora cun obxectivo de

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

regular a actividade de fomento que no concello de Cambre detrae un importante número de recursos.

En canto aos **gastos de investimentos**, recóllense no Capítulo 6, e aparecen detallados no Anexo de Investimentos que se adxunta ao proxecto, no que se detallan, ademais, os medios de financiamento dos mesmos.

Cuarto.- Análise do estado de ingresos.

Os ingresos totais previstos ascenden a 20.279.292,22 euros, estando explicadas e analizadas as previsións dos diferentes conceptos no informe económico financeiro que forma parte do proxecto de orzamento en estudo.

En todo caso debe matizarse que a estimación dos recursos económicos, coa excepcións determinadas no informe económico financeiro e no que se fai referencia ás directrices dada pola Alcaldía na orzamentación de determinados recursos, está fundamentada nos cálculos realizados por esta Intervención valorando os seguintes aspectos:

- Comparativa das previsións iniciais - dereitos liquidados no exercicio 2021 (último liquidado) nos que non temos delegada a recadación, tendo en conta a última xurisprudencia do noso Tribunal Constitucional en sede de plusvalía no seu primeiro ano de aplicación.
- Os tipos de gravame dos diferentes tributos e prezos públicos e as novas modificacións aprobadas nas taxas.
- Nas taxas e prezos públicos unha aproximación aplicando os criterios de prudencia.
- O importe liquidado por entregas a conta no 2022 como participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado.
- O importe fixado na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia como Fondo de Cooperación Local.

Quinto.- Gastos de persoal

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os créditos adicados a gastos de persoal, capítulo primeiro da clasificación económica de gastos, corresponden cos gastos do exercicio 2022 aumentando un 5,53 % o importe da masa salarial, subida que en términos netos sería menor posto que se recollen os aumentos de trienios que van a cumprirse ó longo do exercicio 2023. Se recollen na proposta da concelleira delegada, os seguintes novos postos con respecto ós recollidos no exercicio 2022 vinculados ó departamento de secretaría: un xurista, un técnico de administración xeral e un administrativo, así como dotación para o posto de xefe da policía local,o que conleva a modificación da plantilla.

A plantilla conta con informe desfavorable do xefe de área de data 13/12/2022, motivado principalmente pola creación deste último posto de xefe da policía local. Sobre este particular esta intervención remitise ó informado en data novembro de 2022 a efectos da modificación da RPT co galo da creación deste novo posto.

Indicar que os postos interinos cubertos por xubilación tal e como indica a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, deberán de ser incluídos na próxima oferta de emprego que sexa posible, respectando a lexislación sectorial sobre interinos e consolidacións vixentes na actualidade.

O incremento da masa salarial permitido para 2023 non esta no momento de emisión de este informe aprobado. Se este fose inferior a subida recollida no orzamento de Cambre o informe sería negativo neste punto.

Sexto.- Competencias propias e impropias conforme á Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local. Neste punto nos remitimos ó indicado en anteriores orzamentos.

Sétimo.- Cálculo do aforro neto, volume de endebedamento e da carga financeira.

A carga financeira anual equivale á suma das cantidades adicadas en cada exercicio orzamentario ao pago de amortizacións, intereses e comisións de operacións de crédito formalizadas e dos avais concedidos, dos gastos financeiros estimados para as novas

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

operacións de crédito proxectadas e da carga diferida derivada de operacións concertadas a tipos de xuro variables, en divisas ou con periodo de carencia.

O nivel de endebedamento é o resultado do cociente entre a carga financeira anual e os recursos ordinarios deducidos da última liquidación practicada.

Non obstante o anterior, a carga financeira, aínda cando pode axudar na interpretación e análise da saúde financeira da Corporación, xa non é un "ratio" ou indicador legal. Na actualidade, os indicadores legais son o aforro neto e a porcentaxe de capital vivo respecto dos ingresos correntes liquidados o cal nos remitimos a liquidación de 2021, última en vigor.

En canto a porcentaxe de débeda viva para finais de 2023 sitúase tomando a débeda viva estimada a finais de 2023 e as previsións de ingresos segundo orzamento co seguinte detalle:

I) INGRESOS CORRENTES (Capítulos I ó V)	19.357.290,46 €
II) PORCENTAXE APLICABLE	110,00 %
III) LÍMITE DE ENDEUDAMENTO	21.293.019,51 €
IV) CAPITAL VIVO POR OPERACIÓNS A LONGO PRAZO	2.074.001,82 €
V) CAPITAL VIVO POR OPERACIÓNS A CORTO PRAZO	0,00 €
VI) TOTAL CAPITAL VIVO	2.074.001,82 €
VII) PORCENTAXE QUE REPRESENTA SOBRE ING	**10,71 %**

En canto ao aforro neto estimado a finais de 2023 este sería:

INGRESOS	PI
IMPOSTOS DIRECTOS	6.992.175,51 €
IMPOSTOS INDIRECTOS	398.000,00 €
TAXAS E OUTROS INGRESOS	3.044.500,00 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.916.614,95 €
INGRESOS PATRIMONIAIS	6.000,00 €
TOTAL CORRENTES	**19.351.290,46 €**
GASTOS	
GASTOS PERSONAL	7.452.225,37 €
COMPRA BENS CORR E SERVIZOS	9.361.301,43 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.535.719,00 €
TOTAL CORRENTES SEN AXUSTE	**18.349.245,80 €**
AFORRO BRUTO	1.002.044,66 €
CARGA FINANCEIRA 2023 (ATA)	228.393,43 €
AFORRO NETO	**773.651,23 €**

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Oitavo.- Nivelación orzamentaria.

O orzamento da corporación debe de presentarse sen déficit inicial, nivelado nos seus estados de gastos e ingresos.

Non soamente debe de cumprirse o principio de nivelación formal, consistente en que os ingresos totais sexan iguais aos gastos totais, senón que tamén é necesario cumprir co principio de nivelación dende o punto de vista económico-orzamentario (gastos correntes e amortización de préstamos: capítulos 1, 2, 3, 4 e 9) non poden ser maiores aos ingresos ordinarios (ingresos correntes, excepto contribucións especiais e outros ingresos correntes extraordinarios). Este principio de nivelación económico-orzamentario si se cumpre. (**+ 946.619,37 €**).

Conclusións:

De acordo co anteriormente exposto, conclúese que:

1. O expediente contén os documentos e anexos esixidos polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo proxecto de Orzamentos obxecto deste informe, axústase ao disposto na Orde EHA/3565/2008, 3 de decembro, modificada pola OM HAP/419/2014, de 14 marzo, ámbalas dúas *ditadas* en cumprimento do artigo 167 do RDL 2/2004.

3. O procedemento de aprobación é o descrito no apartado segundo do presente informe correspondendo a súa aprobación ao Pleno da Corporación por maioría simple.

4. O expediente preséntase fóra do prazo establecido no TRLRFL e RD 500/90 (art. 18.4).

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. En cumprimento do mandato deste artigo 16.2 esta intervención emitirá informe ad hoc no que se analice o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no Proxecto de Orzamento do Concello de Cambre para o ano 2023, a pesar de estar en suspenso a regras fiscais para o exercicio 2023. (ver informe *ad hoc*).

6. En todo caso, a actuación municipal en tódolos ámbitos deberase de axustar plenamente e sen excepción aos principio de economía, eficacia e eficiencia con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigos 6.1 da LRBRL e 5.1 do ROF).

7. En canto, á análise do estado de ingresos e á suficiencia dos créditos do estado de gastos, o proxecto de orzamentos contén, en termos xerais, as previsións razoables para atender as obrigas esixibles, presentando, non obstante, unha previsión de parte dos seus dereitos de realización incerta, pola súa natureza tal e como se expresou no presente informe nas observacións ás previsións de ingreso e segundo o informado por esta Intervención no informe económico financeiro, informe ao cal nos remitimos. Para acadar os obxectivos de ingresos deberá de facerse unha inspección rigorosa dos tributos non delegados. A perspectiva desta intervención e que se poida cumprir o orzamento de ingresos entre un 94%, que no caso de non ser rigorosos pode baixar ata un 87%, sempre tendo en conta as desviacións de financiamento (ingresos de 2023 que se materialicen en exercicios posteriores).

En consecuencia, o presente informe, en xeral, é **favorable** á proposta de aprobación do proxecto de Orzamentos do Concello para 2023, aínda coas salvedades de desconformidade ás que se fai referencia nas conclusións 4ª e co advertencia feitas na conclusión 7º sobre o orzamento de ingresos e no caso dos gastos de persoal do Capitulo 1.

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.- Francisco Javier Ulloa Arias

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: s2snwtAHXvx3r4BcwAm5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO

E. INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO

Orzamento 2023

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible

CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

INFORME DE INTERVENCIÓN JUA 485/2022

DE EVALUACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA, DE LA REGLA DE GASTO Y DEL LÍMITE DE DEUDA COMPLEMENTARIO A LA APROBACIÓN DEL PRESUPUESTO PARA EL AÑO 2023

1. ANTECEDENTES.

Francisco Javier Ulloa Arias, funcionario de la Administración Local con habilitación de carácter estatal, como Interventor municipal del ayuntamiento de Cambre, en cumplimiento del artículo 16 del Real Decreto 1463/2007, de 2 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de la ley de estabilidad presupuestaria en su aplicación a las Entidades Locales, así como de lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, informa lo siguiente en relación con el cumplimiento del principio de estabilidad presupuestaria del presupuesto del 2023, el cumplimiento de la Regla de Gasto y del límite de deuda,

2. NORMATIVA REGULADORA DEL PRINCIPIO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA EN EL SECTOR PÚBLICO LOCAL, DE CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO Y DE LAS OBLIGACIONES DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN.

- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de desarrollo de la estabilidad presupuestaria, en su aplicación a las Entidades Locales.
- Orden Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la LOEPSF
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación al Principio de Estabilidad Presupuestaria (artículos 54.7 y 146.1).
- Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado por la Intervención General de la Administración del Estado, Ministerio de Economía y Hacienda
- Acuerdo del consejo de Ministros en su sesión de 6 de octubre de 2020 refrendado por el Congreso de los Diputados en sesión de 20 de octubre de 2020.
- Acuerdo del consejo de Ministros en su sesión de 26 de julio de 2022 refrendado por el Congreso de los Diputados en sesión extraordinaria de 22 de septiembre de 2022.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

3. INFORME.

3.1. CUMPLIMIENTO DEL OBJETIVO DE ESTABILIDAD EN AÑO 2023 TRAS LA PRORROGA DE LA SUSPENSIÓN DE LAS REGLAS FISCALES.

El artículo 11.4 LOEPSF establece que las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario.

La estabilidad presupuestaria implica que los recursos corrientes y de capital no financieros deben ser suficientes para hacer frente a los gastos corrientes y de capital no financieros. La capacidad inversora municipal vendrá determinada por los recursos de capital no financieros, y los recursos corrientes no empleados en los gastos corrientes (ahorro bruto).

El Consejo de Ministros en su sesión de 6 de octubre de 2020 adoptó el siguiente Acuerdo en relación con las reglas fiscales:

"Solicitar del Congreso de los Diputados la apreciación de que en España estamos sufriendo una pandemia, lo que supone una situación de emergencia extraordinaria que se ajusta a lo dispuesto en el artículo 135.4 de la Constitución y en el artículo 11.3 de la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera".

"Quedan suspendidos el Acuerdo de Consejo de Ministros de 11 de febrero de 2020 por el que se adecúan los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública para el conjunto de Administraciones Públicas y de cada uno de sus subsectores para el año 2020 para su remisión a las Cortes Generales, y se fija el límite de gasto no financiero del presupuesto del Estado para 2020, así como el Acuerdo de Consejo de Ministros de 11 de febrero de 2020 por el que se fijan los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública para el conjunto de Administraciones Públicas y de cada uno de sus subsectores para el período 2021-2023 para su remisión a las Cortes Generales, y el límite de gasto no financiero del presupuesto del Estado para 2021."

Esta suspensión fue objeto de prorroga para el año 2023 por Acuerdo del consejo de Ministros en su sesión de 26 de julio de 2022, que fue refrendado por el Congreso de los Diputados en sesión de 22 de septiembre de 2022.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En cuanto a los objetivos de estabilidad y de deuda pública, y la regla de gasto **son inaplicables al ser aprobada la mencionada prorroga de la suspensión**. En todo caso el Gobierno ha trasladado, sin ser obligatorios, los niveles y tasas de referencia del déficit a considerar en 2020 y 2021 por las entidades locales para el funcionamiento ordinario de las mismas.

A pesar de ello y por criterios de prudencia debemos hacer una valoración de la estabilidad del presupuesto del ayuntamiento de Cambre para el año 2023.

.

3.2 DESCRIPCIÓN DE LOS INGRESOS Y GASTOS DE CONTABILIDAD NACIONAL, SU EQUIVALENCIA EN TÉRMINOS DE PRESUPUESTOS, Y EXPLICACIÓN DE LOS AJUSTES.

Con carácter general, la totalidad de los ingresos y gastos no financieros presupuestarios, sin perjuicio de su reclasificación en términos de partidas contabilidad nacional, corresponden a la totalidad de los empleos y recursos que se computan en la obtención de la capacidad/necesidad de financiación del subsector Corporaciones Locales de las Administraciones Públicas de la Contabilidad Nacional. Las diferencias vienen determinadas por los ajustes que se describen en los apartados siguientes de este informe.

A) INGRESOS: Ajustes a realizar

Capítulos 1, 2 y 3 del Estado de Ingresos: Se aplicará el criterio de caja, (ingresos recaudados durante el ejercicio, de ejercicios corrientes y cerrados de cada capítulo), tomando los datos de la liquidación del año 2021.

Para ello analizamos, en primer lugar la recaudación de presupuesto corriente obtenida de la liquidación del presupuesto del año 2021 en el que, el ajuste a realizar en función de los derechos recaudados netos frente a los derechos previstos para cada uno de los capítulos, y así, procederían los siguientes:

Capítulos	Previsto	Recaudado Corriente	Recaudado cerrado	% Recaudado / Previsto
Cap. 1	6.567.175,51 €	6.453.379,59 €	0,00 €	98,27%
Cap. 2	175.000,00 €	512.066,99 €	0,00 €	292,61%
Cap. 3	2.861.003,20 €	2.863.628,24 €	10.842,86 €	100,47%

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por otra parte, también se considerarán los ingresos recaudados de ejercicios cerrados, en aplicación del criterio de caja. En este caso tomamos los datos de la última liquidación hecha previamente al estado de alarma, es decir para su cálculo tomamos los datos resultantes de la liquidación del ejercicio 2021, de los derechos recaudados de ejercicios anteriores de los capítulos 1 a 3. Por lo tanto, el importe ajustado definitivo de los capítulos 1 a 3 sería:

	Previsión inicial 2023	% estimada de recaudación corriente	Presupuesto de ingresos ajustado	Total ajustes
Cap 1	6.942.175,51 €	98,27 %	6.821.881,60 €	120.293,91 €
Cap 2	398.000,00 €	292,61 %	1.164.586,64 €	766.586,64 €
Cap 3	3.044.500,00 €	100,47 %	3.058.831,69 €	14.331,69 €

B) GASTOS. Ajustes a realizar

Capítulo 3.- Los intereses se registran según el criterio de devengo. Por tanto, deberíamos quitar la parte de intereses que pagándose en el año n se devengan en el año n-1, y deberíamos sumar los intereses que se pagarán en el año n+1, pero que se devengasen en el año n. No se aplica teniendo en cuenta el principio de importancia relativa.

Por inejecución de gastos: El modelo de suministración de información a través de la oficina virtual incluye en su Anexo F.11.B1 entre la relación de ajustes contemplados en el informe de evaluación del cumplimento del objetivo de estabilidad para relacionar el saldo resultante de Ingresos y Gastos del Presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas otros ajustes entre los que destaca la inejecución. El Estado viene aplicando anualmente este ajuste a los gastos previstos, pero sin que se especificase el sistema de cálculo.

A la hora de analizar la inejecución descartamos los datos de 2020 y 2021, al ser dos años marcados por un estado de alarma y posteriores confinamientos, lo que llevó a la inejecución de partidas vinculadas a proyectos y actividades que no se ejecutaron por efecto de la pandemia, lo que puede distorsionar los resultados finales. De la media de los tres últimos ejercicios, anteriores a la pandemia, considerando los créditos iniciales y definitivos, resulta un porcentaje de inejecución por capítulos de gastos no financieros de un 20,44 por ciento, que aplicado a las previsiones del presupuesto de 2023 indica el importe a minorar en lo relativo a los empleos no financieros.

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.3. CÁLCULO DE LA CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN DERIVADA DEL PRESUPUESTO GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE PARA EL AÑO 2023

En virtud de lo establecido en el artículo 16.2 del Reglamento se debe informar sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad del presupuesto de la propia entidad y de sus organismos y entidades dependientes, de los del artículo 4.1 del Reglamento, dejando para un informe individualizado el correspondiente a los entes del artículo 4.2.

Según se aprecia en el cuadro siguiente, la diferencia entre los importes presupuestados en los capítulos 1 a 7 de los estados de ingresos y los capítulos 1 a 7 del estado de gastos, previa aplicación de los ajustes descritos, arroja capacidad de financiación.

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII presupuesto corriente	20.198.682,22 €
b) Créditos previstos capítulos I a VII presupuesto corriente	20.197.256,93 €
TOTAL (a – b)	**1.425,29 €**
AJUSTES	
3) Ajustes recaudación capítulo 1 a 3	**660.624,42 €**
6) Ajuste por inejecución	4.128.319,32 €
c) TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5)	**20.859.306,64 €**
d) TOTAL GASTOS AJUSTADOS (b +/- 6,)	**16.068.937,61 €**
e) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c - d)	**4.790.369,03 €**
En porcentaje sobre los ingresos no financieros ajustados (e/c)	**22,97 %**

3.4. CUMPLIMIENTO DE LA REGLA DE GASTO

Conforme al criterio del ministerio se verificará con objeto de la liquidación.

3.5. CUMPLIMIENTO DEL LÍMITE DE DEUDA

La LOEPSF (art. 13) establece la obligación de no rebasar el límite de deuda pública. El modelo diseñado por la Subdirección General de Relaciones Financieras con las Entidades Locales utiliza un criterio más amplio para determinar el volumen de deuda, que el que se ha venido utilizando para estimar el porcentaje de deuda viva en términos del artículo 53 del TRLRHL para concertar nuevos préstamos. Tal y como figura en el informe de intervención el volumen de endeudamiento es:

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

I) INGRESOS CORRIENTES (Capítulos I ó V)	19.357.290,46 €
II) PORCENTAJE APLICABLE	110,00 %
III) LÍMITE DE ENDEUDAMIENTO	21.293.019,51 €
IV) CAPITAL VIVO POR OPERACIONES A LARGO PLAZO	2.074.001,82 €
V) CAPITAL VIVO POR OPERACIONES A CORTO PLAZO	0,00 €
VI) TOTAL CAPITAL VIVO	2.074.001,82 €
VII) PORCENTAJE QUE REPRESENTA SOBRE ING	**10,71 %**

4. CONCLUSIONES SOBRE EL CUMPLIMIENTO DEL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA Y NIVEL DE DEUDA.

El Presupuesto de 2023 de la entidad local cumple, a pesar de no estar en vigencia las normas fiscales en ese ejercicio, el objetivo de estabilidad presupuestaria entendido como la situación de equilibrio o de superávit en términos de capacidad de financiación de acuerdo con la definición contenida en el SEC 95 y el objetivo de deuda pública.

EL INTERVENTOR

FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

Adro, 1-15660 CAMBRE (A CORUÑA) Telf. 981 613 128 Fax 981 675 969 E-mail: cambre@cambre.org www.cambre.org

FIRMADO POR Francisco Javier Ulloa Arias (FECHA: 13/12/2022 19:10:00)
Versión imprimible
CVD: baukIN0puiOeqsHu7gGp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

F. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2023

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible

CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS

CAPÍTULO ÚNICO

NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE PRIMEIRA: NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento Xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica xeral e a fiscalización desta, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a actividade económica das Corporacións Locais e polas presentes Bases de Execución do Orzamento, redactadas verbo do disposto no artigo 165.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL).

BASE SEGUNDA: ÁMBITO DE APLICACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do Orzamento Xeral correspondente ao presente exercicio e, se é o caso, durante a prórroga deste.

BASE TERCEIRA: INTERPRETACIÓN

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Alcaldía, logo do informe da Secretaría ou Intervención, segundo proceda.

TÍTULO II.- O ORZAMENTO XERAL E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO PRIMEIRO

ESTRUTURA ORZAMENTARIA

BASE CUARTA: ESTRUTURA ORZAMENTARIA

Para a confección do Orzamento aplicouse a estrutura por programas de gastos e económica aprobada pola Orde do 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda, (Orde EHA/3565/2008), aplicable ao orzamento correspondente ao 2010 e seguintes, coas modificacións realizadas pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, os créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento preséntanse co seguinte detalle:

a) Grupo de programa e, se é o caso, programa
b) Clasificación económica a nivel de subconcepto

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, vén definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica.
O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto realizaranse sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos do Orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos segundo se detalla no anexo IV da antedita orde ministerial.

CAPÍTULO SEGUNDO
OS CRÉDITOS INICIAIS E A PRÓRROGA DO SEU ORZAMENTO

BASE QUINTA: ÁMBITO DO ORZAMENTO XERAL

O expediente formado para a tramitación do Orzamento Xeral conterá a seguinte documentación:

a) Memoria da Alcaldía

b) Estado de Ingresos e Gastos

c) Anexo de persoal

d) Anexo da débeda

e) Anexo de investimentos

f) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do presente

g) Anexo de Beneficios Fiscais

h) Anexo de convenios subscritos coa comunidade autonoma en materia de gasto social

i) As presentes bases de execución

k) Informe económico financeiro

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

l) Informe da intervención municipal.

BASE SEXTA: NIVELACIÓN NOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS

O Orzamento Xeral está integrado exclusivamente polo do Concello de Cambre e ascende nivelado en gastos e ingresos a 20.279.292,22 euros.

BASE SÉTIMA: FINANCIAMENTO DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO XERAL

Os créditos, que ascenden a 20.279.292,22 euros financiaranse:

a) Cos dereitos económicos que se han de liquidar durante o exercicio que se detallan no Estado de Ingresos correspondente e que se estiman en 10.474.285,51 euros (Capítulos I, II, III, V, VI e VIII).

b) Co endebedamento resultante das operacións de préstamo a longo prazo que ascenden a 47.000,00 euros (Capítulo IX).

c) Polas transferencias correntes que se especifican no Estado de Ingresos dos Orzamentos e que ascenden a 8.916.614,95 euros (Capítulo IV).

d) Polas transferencias de capital que se recollen no Estado de Ingreso dos Orzamentos e que ascenden a 841.391,76 euros (Capítulo VII).

BASE OITAVA: PRÓRROGA DO ORZAMENTO

Se ao iniciarse o exercicio económico seguinte non entrara en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior, ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente fosen a percibirse no devandito exercicio.

Os créditos para gastos do persoal laboral temporal só se prorrogarán na contía precisa para a cobertura orzamentaria daqueles postos de traballo cuxo contrato non concluíse ao finalizar o exercicio, e para a contratación do persoal que substitúe os funcionarios e persoal laboral fixo que se atopan de baixa por enfermidade ou gozando dunha licenza ou permiso.

A determinación das correspondentes aplicacións do Orzamento que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución do Alcalde, ou do

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda en caso de delegación desta área, e logo do informe da intervención municipal. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase no Alcalde, ou no Concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda en caso de delegación desta área, a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto do orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola lei.

Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

CAPÍTULO TERCEIRO
RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO

BASE NOVENA: NORMAS XERAIS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 172 do TRLFL e 25.2 do Real decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na Base seguinte.

Con cargo aos créditos do Estado de Gastos de cada Orzamento só se poderán contraer obrigas derivadas de obras, adquisicións, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Porén, aplicaránselles aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao Orzamento Xeral.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990 requirirase a incorporación previa dos créditos correspondentes.

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativas a recoñecemento extraxudicial de créditos.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle ao Pleno. O expediente oportuno será obxecto do informe previo da Intervención. Poderá delegarse na Alcaldía o acto material da súa aprobación, todo iso de conformidade co establecido no artigo 60 en relación co 26.2.c) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, cando no expediente tramitado para o efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias de aplicación, dentro do seu nivel de vinculación, para facer fronte ás obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, e sempre e cando non se produza que a aprobación se realice con informe desfavorable da Intervencion municipal.

BASE DÉCIMA: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

1.- Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos para gastos do Orzamento, con carácter xeral, as seguintes:

- para os créditos dos capítulos 1 (gastos de persoal), 3 (gastos financeiros), 8 (activos financeiros), e 9 (pasivos financeiros), a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.
- para os créditos dos capítulos 2 (gastos correntes en bens e servizos), 4 (transferencias correntes), 6 (investimentos reais), e 7 (transferencias de capital):

  - das Áreas de gasto 1 (Servizos públicos Básicos), 2 (Actuacións de protección e promoción social), e 3 (Produción de bens públicos de carácter preferente): a nivel de política de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

  - do resto das Áreas de gasto: a nivel de área de gasto respecto á clasificación por programas e de capítulo, respecto á económica.

2.- Os proxectos de gastos que conten con financiamento alleo vincularán en si mesmos, ata o límite de dito financiamento.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Os créditos declarados ampliables vincularán ao nivel de desagregación da correspondente aplicación orzamentaria.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO. PRINCIPIOS XERAIS.

1.- A modificación dos créditos iniciais do orzamento axustarase ao establecido con carácter xeral no Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, artigos 172 e seguintes o Real decreto 500/1990, artigos 34 e seguintes e nas presentes bases de execución.

2.- Os expedientes de Modificación, que haberán de ser previamente informados pola Intervención Xeral, someteranse aos trámites de aprobación que se regulan nas seguintes Bases.

BASE DÉCIMO SEGUNDA: CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do TRLFL, artigos 35 e 38 do Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como ás seguintes:

Cando deba realizarse algún gasto que non poida adiarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento da Corporación, o alcalde ordenará a tramitación dos seguintes expedientes:

a) de concesión de crédito extraordinario
b) de suplemento de crédito

1.- Estes expedientes poderanse financiar:

a) con cargo ao remanente líquido de Tesourería
b) con novos ingresos non previstos
c) con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento
d) con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento
e) mediante baixas dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.

2.- O expediente de modificación orzamentaria comprenderá:

a) Proposta do alcalde ou concelleiro delegado da área de Facenda.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Memoria xustificativa da necesidade da medida, precisando a modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias afectadas e os recursos que financian a modificación. Ademais deberá acreditar os extremos indicados no artigo 37.2 do RD 500/1990.

c) Informe da intervención municipal.

d) Dictame da comisión informativa e aprobación inicial polo Pleno municipal.

e) Exposición pública do expediente no prazo de quince días, logo do anuncio no boletín oficial da provincia.

f) Aprobación definitiva polo Pleno do expediente no suposto de presentarse reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considérase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

g) Publicación da modificación, resumida por capítulos, no boletín oficial da provincia.

h) Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitiráselle copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

En casos de urxencia en dispoñer do crédito, estes expedientes poderanse considerar inmediatamente executivos unha vez aprobados polo Pleno, sen prexuízo das reclamacións que correspondan.

BASE DÉCIMO TERCEIRA: CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados excepto os procedentes de operacións de crédito, salvo os de Tesourería, todo isto de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Real decreto 500/1990.

A aplicación do Orzamento Xeral de Gastos que a continuación se relaciona ten a consideración de ampliable co concepto sinalado:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS
Aplicación	Denominación	Centro Xestor	Concepto
920.83000	Prestamos a curto prazo ao persoal	RR.HH.	83001

Sen prexuízo do exposto, ao formalizarse os ingresos e gastos referidos, faranse constar, respectivamente, as expresións "ingreso afectado á aplicación....." e "ampliación efectuada con base no concepto.....".

Nos expedientes especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os anteditos dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios, extremos que deberán ser acreditados pola unidade de contabilidade.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, logo do informe da Intervención, corresponderalle ao alcalde ou ao concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda en caso de delegación desta área.

BASE DÉCIMO CUARTA: TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

Transferencia de crédito é aquela modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

1.- Segundo o disposto nos artigos 40 a 42 do RD 500/1990, as transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non se poderán minorar, mediante transferencia, créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos cerrados.

c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

2.- Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse por proposta do órgano xestor dos créditos, que acreditará a necesidade do gasto a realizar así como que a transferencia negativa de crédito non producirá perturbación no servizo correspondente. Os expedientes serán informados pola Intervención, quen certificará da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito, e formalidades legais ás que haberá de se axustar o expediente.

A aprobación dos expedientes de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto corresponderalle ao Pleno salvo cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento Xeral así como o réxime de recursos contencioso-administrativos contra os citados Orzamentos.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, logo do informe e certificación da existencia de crédito suficiente da Intervención corresponderalle, no suposto de delegación, ao concelleiro delegado da área á que afecte o expediente de modificación. En caso de transferencias entre aplicacións da mesma área de gasto pero de áreas de goberno diferentes, a aprobación do expediente corresponderalle ao alcalde ou ao concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda en caso de delegación desta área.

3.- Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

BASE DÉCIMO QUINTA: XERACIÓN DE CRÉDITOS

1.- Poderán xerar crédito nos Estados de Gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos do Concello.

b) alleamento de bens.

En ambos os dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso de achega ou do recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados documentalmente no expediente tramitado.

c) prestación de servizos.

d) reembolso de préstamos.

Nos dous supostos anteriores, o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola unidade de contabilidade.

2.- Os expedientes de xeración de crédito serán aprobados polo alcalde ou concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda en caso de delegación desta área, logo do informe da Intervención no que deixe constancia de:

a) a correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

b) os conceptos de ingreso onde se producise un ingreso ou compromiso non previsto no Orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.

c) as aplicacións orzamentarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. Estas modificacións deberán ser automáticamente anuladas naqueles importes en que, por calquera circunstancia, se vese minorado de forma definitiva o financiamento afectado que as financiou, debéndose recoller a autorización desta anulación na propia resolución de xeración de crédito.

BASE DÉCIMO SEXTA: INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR

1.- Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

a) os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.

b) os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.

c) os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

2.- Os remanentes de crédito, para os efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán encontrarse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, agás aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos Orzamentos de Gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

- créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que fosen concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
- créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2.b) do Real decreto 500/1990.
- créditos por operacións de capital.
- os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización, poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.

- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

- Aos créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

4.- Para os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

a) o remanente líquido de Tesourería.

b) novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

a) En primeiro lugar, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados aos remanentes que se pretende incorporar.

b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

5.- As propostas de incorporación de remanentes de crédito terán en conta as seguintes prioridades:

a) Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

b) O exceso, se o houbese, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

6.- A aprobación dos citados expedientes, logo do informe da Intervención, corresponderalle, en todo caso, ao Alcalde ou ao concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda, en caso de delegación desta área.

7. No suposto de créditos incorporados con financiamento afectado, se por calquera circunstancia se vese minorado de forma definitiva o financiamento afectado que as financiou, estas modificacións deberán ser automáticamente anuladas no importe da redución do financiamento, debéndose recoller a autorización desta anulación na propia resolución de aprobación da incorporación de remanente de crédito.

BASE DÉCIMO SÉTIMA: BAIXAS POR ANULACIÓN

1. Poderá darse de "baixa por anulación" calquera crédito do Orzamento de Gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

2.- Poderán dar orixe a unha baixa de créditos:

a) o financiamento de remanentes de Tesourería negativa.

b) a limitación da dispoñibilidade de créditos.

c) o financiamento de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

3.- Para a tramitación dos expedientes de "baixa por anulación" observaranse os seguintes requisitos:

a) iniciación do expediente polo Alcalde, concelleiro delegado da Área de Facenda ou polo Pleno.

b) ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas.

c) aprobación polo Pleno das baixas por anulación dos créditos incluídos no Orzamento Xeral.

Cando as baixas de créditos financien suplementos ou créditos extraordinarios, formarán parte do expediente que se tramite para a aprobación das modificacións.

BASE DÉCIMO OITAVA: DAS MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nos casos nos que non coincidan as previsións dos capítulos IV e VII do Estado de Ingresos cos compromisos de ingresos concertados para a financiamento de gastos con financiamento afectado e co gallo de evitar a inexecutabilidade dos mesmos, por aplicación do establecido no artigo 173.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), autorízase a realizar os axustes necesarios no estado de ingresos.

A competencia para a aprobación destas modificacións orzamentarias será do Alcalde ou ao concelleiro/a delegado/a da Área de Facenda, en caso de delegación desta área, cando afecten só ao estado de ingresos do orzamento.

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

CAPÍTULO PRIMEIRO
NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE DÉCIMO NOVENA: FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos nos Estados de Gastos realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto
b) Disposición ou compromiso do gasto
c) Recoñecemento e liquidación da obriga
d) Orde de pagamento

Estas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do Real decreto 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

BASE VIXÉSIMA: ACUMULACIÓN DE FASES

De conformidade co disposto no artigo 184.2 do TRLFL e os artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse, presentar, polo tanto as seguintes fases:

a) retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
b) autorización - disposición (AD).

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) autorización - disposición e recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

BASE VIXÉSIMO PRIMEIRA: RETENCIÓN DE CRÉDITOS

Dentro do importe dos créditos dispoñibles corresponderalle á Intervención xeral, a retención de créditos de acordo coas propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes unidades xestoras.

BASE VIXÉSIMO SEGUNDA: AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento da entidade, corresponderalle:

Ao Pleno da Corporación, a autorización e disposición de gastos de :

- O recoñecemento extraxudicial de créditos, operacións especiais de crédito, ou concesións de "quita e espera".
- Aqueles gastos en materia da súa competencia.

Ao Alcalde, a autorización e disposicións de gastos de:

- Aqueles gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas na xunta de goberno local ou nos concelleiros delegados de área.
- Os demais que lle atribúan expresamente as leis e aqueles que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma lle asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

Á Xunta de Goberno Local e aos concelleiros delegados de área, a autorización e disposición dos gastos das materias que lles foran delegadas.

BASE VIXÉSIMO TERCEIRA: RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

O recoñecemento e liquidación de obrigas de gasto corresponderalle ao alcalde, e na súa virtude se declara a esixibilidade dun crédito contra o Concello de Cambre dun gasto debidamente autorizado e comprometido.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Terán a consideración de documentos xustificativos da obriga a liquidar, as nóminas, as ordes de servizo para as dietas/axudas de custo e gastos de viaxe e, nos casos de obras, prestación de servizos e realización de subministracións, a factura, que deberá cumprir as prescricións previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación, entre outras:

a) número e, se é o caso, serie.
b) nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expendedor.
c) destinatario, é dicir:
Concello de Cambre
CIF P-1501700-G
Rúa Atrio, núm. 1
15660 Cambre (A Coruña)
d) servizo municipal, concellaría ou área á que fose destinada a prestación.
e) descrición detallada da operación e a súa contraprestación total.
f) lugar e data da súa emisión.
g) entidade bancaria e número de conta a onde transferir o seu importe, se é o caso.
h) En caso de exención do IVE, referencia expresa ao artigo e apartado no que trae causa dita exención.

Deberán emitir a factura en formato electrónico, de forma obrigatoria, en virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

a) Sociedades anónimas;
b) Sociedades de responsabilidade limitada;
c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
e) Unións temporais de empresas;
f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

O punto xeral de entrada de facturas electrónicas dirixidas ao concello de Cambre é o configurado na plataforma electrónica FACE: Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, del Gobierno de España. O acceso a esta Plataforma e á información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: https://face.gob.es.

En calquera caso, todos os provedores deberán presentar as súas facturas identificando os órganos da administración a cal se dirixen segundo as distintas relacións entre Órgano decisorio - Unidade contable - Unidade

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tramitadora que figuren operativas na plataforma FACe a tal efecto.
(https://face.gob.es/es/directorio/administraciones/L01150177/relaciones)

O concello proporcionará información sobre o estado das facturas aos provedores a través do Punto xeral de entrada FACe. Os estados que se comunicarán, serán como mínimo, os seguintes: se a factura foi rexistrada no rexistro contable de facturas, se foi contabilizada a obriga recoñecida, se foi pagada, anulada e/ou rexeitada.

Os provedores que non teñan a obriga de presentar as súas facturas en formato facturae poderán dirixirse ao Servizo de Contabilidade do concello, través da conta de correo electrónico "infofacturas@cambre.org", para coñecer o seu estado.

En aplicación da habilitación contida no artigo 4.1 in fine da Lei 25/2013, de 27 de decembro, exclúese da obriga de facturación electrónica:

a) cando o proveedor non estea dado de alta na Plataforma, aceptarase a emisión da primeira factura emitida a este concello en formato papel, sempre e cando o seu importe sexa de ata 5.000,00 euros.

b) as facturas emitidas por conceptos non orzamentarios cando o seu importe sexa de ata 5.000,00 euros.

c) as facturas que se presenten como xustificación polo perceptor, do emprego dos fondos percibidos a través de pagamento que se ha de xustificar, cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros.

d) as facturas de ata 350,00 euros, pagadas en efectivo a través de "vales de caixa", e/ou tramitadas a través de anticipo de caixa fixa.

As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade, así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución. No caso de que o importe da factura sexa superior a cinco mil euros (5.000,00 euros), a área deberá solicitar o seu informe. No caso de gastos de protocolo bastará que a factura conte coa conformidade do alcalde, ou concelleiro responsable en caso de delegación.

O documento xustificativo do gasto na realización dunha obra cuxo orzamento base de licitacion (IVE incluido) sexa superior a corenta mil euros (40.000,00 euros), será a certificación da obra expedida polo técnico correspondente, acompañada da relación valorada e factura, que contará co visto e prace do alcalde, ou concelleiro delegado da área competente, e a conformidade do técnico municipal responsable. As certificacións de obra expediranse mensualmente. Tales certificacións, ademais de comprobación do investimento, deberán verificar que a obra, se efectuou segundo as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de recibos ou facturas de subministración e servizos da fin do ano anterior que habitualmente se presentan a finais do exercicio ou principios do seguinte.

BASE VIXÉSIMO CUARTA: A ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS E O PAGAMENTO MATERIAL

A ordenación de pagamentos e o pagamento material é competencia do alcalde, que se acomodará ao Plan de disposición de fondos establecido, o cal recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores. Todo iso sen prexuízo da delegación de sinatura que para os casos de ausencia, enfermidade ou impedimento do alcalde, se confira.

Previamente a calquera pagamento por transferencia bancaria, acreditarase a titularidade da conta corrente polo beneficiario mediante certificación expedida polo persoal apoderado da entidade financeira.

O pagamento material mediante un sistema telemático (banca electrónica) conectado á entidade financeira esixirá como mínimo, o uso do contrasinal da Tesoureira, sen prexuízo da necesidade das firmas do Alcalde, Interventor/a e Tesoureira/o en soporte papel. Igualmente será necesaria a sinatura da Tesoureira/o no documento no que se reflicta o resultado da operación realizada por medios telemáticos.

O pagamento material nos demais casos será xustificado pola Tesourería mediante a "carta de recepción" do interesado ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

BASE VIXÉSIMO QUINTA: OUTRAS NORMAS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

1.- O alcalde ou o concelleiro delegado da Área de Facenda en caso de delegación desta área, coidará da execución do Orzamento e de que canto nel se establece sexa cumprido polos distintos servizos municipais de acordo coas disposicións en vigor, as presentes Bases e os acordos adoptados ou que poidan ser adoptados polo Concello.

2.- A autorización de gastos previstos no Plan de investimentos esixirá a incorporación ao expediente da certificación de existencia de crédito.
Os compromisos de gastos con cargo ao expresado capítulo que deban atenderse con préstamos que os financien ou subvencións ou ingresos procedentes de contribucións especiais, cotas de urbanización, aproveitamentos urbanísticos ou ingresos de alleamento de investimentos reais, quedan condicionados a que fose obtida a concesión do crédito pola entidade financeira correspondente e, se é o caso, a autorización da Xunta de Galicia, ou o compromiso firme da subvención, contribucións especiais, cota de urbanización e aproveitamentos urbanísticos ou

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

alleamento de investimentos reais. Para tal efecto, en tanto non se produza tal condición, a Intervención non certificará a existencia de consignación orzamentaria.

3.- Cada vehículo municipal contará cunha tarxeta de compra de carburante e lubricantes que identifica o vehículo pola súa matrícula e ao Concello como titular desta. A entidade emisora da tarxeta presentará o detalle das operacións realizadas mensualmente, describindo a data, hora e establecemento que fixo a subministración, así como o tipo de carburante ou lubricante, litros e importe do servido a cada vehículo. Nas estacións de servizo situadas dentro do termo municipal que non permitan operar coa "tarxeta carburante", o condutor fará constar no "vale" a matrícula do vehículo e o seu nome completo con apelidos, ou o seu número de placa se é un axente da policía local, mentres que non se regularice o contrato de subministracion de carburante para vehiculos municipais, cuxa prestacion estase a reparar pola intervencion municipal.

BASE VIXÉSIMO SEXTA: CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Os expedientes de contratación administrativa axustaranse ás disposicións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e demais normativa de aplicación, coas seguintes especialidades:

1. Antes da aprobación dun proxecto de obra redactado por un técnico contratado para o efecto, o órgano de contratación deberá solicitar un informe do técnico municipal competente para a súa supervisión co fin de que o examine detidamente e vixíe o cumprimento das normas reguladoras da materia.

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.

Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de Retención de créditos polo importe da proposta.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os contratos menores terán unha duración inferior ao ano, procurándose a súa imputación ao exercicio orzamentario no que se realiza a prestación, ademais non poderán ser obxecto de prorroga, revisión de prezos ou fraccionamento.

Admitiranse pagos parciais para esta modalidade de contratos.

A tramitación como contrato menor esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 118 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidad da obra.

Os contratos menores poderán adxudicarse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, a oferta máis vantaxosa de un mínimo de tres, salvo xustificación que motive a solicitude dunha única oferta.

BASE VIXÉSIMO SÉTIMA: ORDES DE PAGAMENTO QUE SE HAN DE XUSTIFICAR

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga a que a esta se refira.
Porén, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "que se han de xustificar", caso no que se deberán axustar ás seguintes normas:

1.- A expedición e execución das ordes de pagamento "que se han de xustificar" deberá ser efectuada logo da aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, achegándose informe sobre as circunstancias polas que non se poden xuntar os documentos xustificativos antes da orde do pagamento e informe da Intervención ao respecto. Estas ordes non poderán ser superiores a tres mil euros, excepto no caso de pagamentos a intérpretes ou artistas.

2.- Os fondos librados que se han de xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta para tal efecto, ou ben entregándoselle en efectivo ou por cheque nominativo ao perceptor.

O perceptor deberá respectar os límites cuantitativos para os pagamentos en efectivo segundo a normativa en vigor.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pagamento "que se han de xustificar", limítanse aos diversos conceptos do capítulo 2 da clasificación económica do Orzamento de gastos.

4.- A xustificación das ordes de pagamento expedidas co carácter de "que se han de xustificar" deberán efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.

5.- Os perceptores de fondos librados "que se han de xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos achegando facturas e documentos que o xustifiquen. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación do alcalde. Previamente á elaboración desta conta xustificativa, e unha vez realizados a totalidade dos pagamentos aos acredores finais para os que se aprobou o "pagamento que se ha de xustificar", o perceptor destes fondos deberá por en coñecemento da Intervención municipal, esta circunstancia, para o seu debido seguimento contable.

Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á devandita conta o xustificante do ingreso efectuado.

De non se render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto para os efectos na Lei xeral orzamentaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "que se han de xustificar" polas cantidades non xustificadas adecuadamente nin reintegradas nos prazos establecidos.

6.- Só se poderán expedir ordes de pagamento "que se han de xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

Para o seu seguimento contable estarase ao disposto na Orde de HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

BASE VIXÉSIMO OITAVA: ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os fondos librados "que se han de xustificar" co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.- Ámbito: Para unha mellor e máis áxil xestión do gasto, o Concello de Cambre ten constituídos na actualidade dous anticipos de caixa fixa, a favor da Tesourería Municipal e Servizos Sociais.
O anticipo de caixa fixa constituído a favor da Tesourería Municipal, destinarase exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo como material de oficina non inventariable, subministración de productos perecedoiros tales como alimentación, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións, etc. e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ao Capítulo II do Orzamento Xeral de Gastos, e a gastos de formación e dietas/axudas de custo do persoal e de cargos electos salvo as que recollan gastos de combustible e carburantes, limpeza e aseo, subministración de auga a través de rede de subministro, xestión do servizo de auga e rede de sumidoiros, comunicacións telefónicas, escolas deportivas municipais e servizo de recadación.

Os gastos que se han de atender mediante o anticipo de caixa fixa da Tesourería municipal, non poderán ser superiores a 350,00 euros por factura, salvo os de formación e dietas/axudas de custo que non poderán superar os 900,00 euros.

O anticipo de caixa fixa de Servizos Sociais destinarase exclusivamente á atención dos gastos de axudas por emerxencia social.

A constitución de calquera outro anticipo de caixa, así como o nomeamento do perceptor, límite cuantitativo e a aplicación ou aplicacións orzamentarias, farase mediante resolución do alcalde.

2.- Contía do anticipo.- O total anual anticipado a favor da Tesourería municipal non poderá ser superior a 360.000,00 euros.

No caso dos Servizos Sociais o total anticipado para cada trimestre non superará o cociente que resulte de dividir a dotación anual da aplicación orzamentaria 231.48000 entre catro.

3.- Situación dos fondos.- Para situar os fondos procederase á apertura dunha conta restrinxida de pagamentos, co título: “Concello de Cambre, perceptor X, anticipo de caixa fixa”. Cando o perceptor sexa a tesoureira municipal, unha parte razoable dos fondos poderá situarse na caixa xeral da corporación.

Os fondos situados en tales contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do Capítulo V do Orzamento Xeral.

4.- Disposición de fondos.-

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.1.- As disposicións de fondos do anticipo constituído a favor da Tesourería municipal, efectuaranse mediante cheques nominativos e transferencias bancarias, autorizadas pola sinatura da tesoureira, por actuar de habilitada de pagamentos do anticipo.

Para situacións en que se teñan que efectuar pagamentos en efectivo (mercados, pequenas adquisicións ocasionais e outras similares), situaranse os fondos na caixa municipal e disporanse mediante "vales de caixa", sen que poida superar cada un deles a contía de 350,00 euros.

Nos xustificantes de pagamento farase constar o número de cheque ou transferencia en que se materializou a operación.

4.2.- As disposicións de fondos de Servizos Sociais efectuaranse mediante cheques nominativos, transferencias bancarias, cargo mediante tarxeta de débito da conta restrinxida ou cargo en conta de recibos, autorizados pola sinatura da coordinadora do servizo, por actuar de habilitada de pagamentos do anticipo.

5.- Control.- Mensualmente, nos primeiros sete días de cada mes, (trimestralmente no caso dos Servizos Sociais) e previamente á elaboración da conta xustificativa, o perceptor destes fondos deberá pór en coñecemento da Intervención municipal, a totalidade dos pagamentos efectuados aos acredores finais no período anterior (mes ou trimestre), xunto co estado demostrativo do movemento da conta bancaria e saldo desta, para o seu debido seguimento contable.

Coa mesma periodicidade achegarase, conta xustificativa do período respectivo.

En calquera momento a Intervención xeral poderá solicitar estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

6.- Xustificación.- As devanditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento das cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total xustificado nas contas correntes de anticipo.

Os fondos non investidos que, á fin do exercicio se atopen en poder dos habilitados, utilizaranse por estes no novo exercicio para as atencións para as que se concederon.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa, de conformidade coas presentes normas, non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219 do TRLFL

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7.- Contabilidade e control.- O seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na Orde de HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

BASE VIXÉSIMO NOVENA: GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

Son aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autorizan e comprometen.

A autorización e o compromiso destes gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos e a que as aplicacións orzamentarias correspondentes sexan susceptibles de soportar estes gastos.

Os devanditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLFL e 79 a 88 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

No caso de investimentos, transferencias correntes e transferencias de capital, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicarlles ás porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de aplicación as seguintes operacións, e tendo en conta a "bolsa de límites" que resulte das normas de vinculación de créditos orzamentarios:

a) Deducción do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.

b) Incrementos derivados de modificacións de crédito tramitados no exercicio.

c) Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de créditos ou por transferencias a outras partidas.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: polo exercicio inmediato seguinte o 70%, no 2º exercicio o 60%, no 3º e 4º exercicios o 50%.

Todo isto sen prexuízo das anualidades que se fixan para os proxectos relacionados no anexo de investimentos.

BASE TRIXÉSIMA: ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.- **Delimitación**. Son gastos protocolarios ou de representación aqueles gastos necesarios que se derivan da actuación dos/as membros do goberno local no exercicio das súas funcións públicas de representación do Concello de Cambre, polo que se esixe que se realice en beneficio ou utilidade para o Concello de Cambre.

Así, por gasto protocolario entendemos aqueles orixinados por cerimonias ou celebracións de carácter institucional, visitas oficiais entre autoridades pertencentes a outras administracións públicas e os gastos que levan aparellados, como os servizos ou gastos da organización de actos ou recepcións, ceas ou xantares, ramos e adornos de flores, libros conmemorativos ou de agasallo, fotografías, viaxes e hoteis de persoas alleas ao Concello de Cambre. Esta actividade ten que ter un fin institucional e necesariamente relacionada cos fins do Concello de Cambre, o que sempre deberá quedar acreditado no expediente administrativo.

En consecuencia, non se consideran como gastos protocolarios aqueles máis próximos a unha "consideración persoal ou dun grupo" socialmente moi considerada pero sen relación algunha co fin da administración pública como gastos de tabaco, licores, efemérides persoais e similares.

Os gastos protocolarios e de representación deberán respectar os principios de legalidade así como os de eficacia, eficiencia, proporcionalidade e finalidade pública.

Co obxecto de ordenar a casuística dos gastos protocolarios ou de representación adoptamos a seguinte clasificación ou tipoloxía destes gastos:

1.- Cerimonias ou celebracións de carácter institucional.
2.- Visitas oficiais de autoridades doutras administracións públicas.
3.-Organización de actos, eventos ou recepcións.
4.-Ramos e adornos de flores.
5.-Libros conmemorativos ou de agasallo.
6.-Fotografías en actos protocolarios.
7.-Viaxes e hoteis de persoas alleas ao Concello.
8.-Comidas ou ceas con representantes doutras administracións públicas.
9.-Atención protocolaria ou representativa a outras persoas no exercicio de funcións públicas.

2.- **Xustificación**.

A forma de xustificar estes gastos é a ordinaria para as compras de bens correntes e gastos derivados da prestación de servizos, é dicir, coas facturas que os contratistas están obrigados a expedir, de acordo ao establecido

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Como regra xeral, nos gastos desta natureza, informarase no expediente dos motivos que xustifican a súa realización, así como a identificación das persoas ou colectivos destinatarios dos mesmos, de forma que se poidan determinar se efectivamente os gastos realízanse con fins protocolarios ou representativos, se son necesarios e se, en definitiva, redundan en beneficio ou utilidade da Administración.

Poden realizar gastos de representación ou protocolarios o/a alcalde/sa, os/as tenentes de alcalde e concelleiros/as delegados/as e aqueloutros cargos ou persoas que sexan autorizadas expresamente polo/a alcalde/sa e iso, polos actos que realicen ou aos que asistan na súa representación.

Todos os gastos protocolarios ou de representación dos/as membros da Corporación serán autorizados polo/a alcalde/sa, a cuxo efecto todos/as os/as membros da Corporación deben formalizar a correspondente xustificación documental, con anterioridade a que se produza o gasto.

Co obxecto de facilitar a revisión das xustificacións económicas causadas polos gastos de protocolo ou representación, pola Intervención municipal no exercicio das súas competencias, o/a membro da Corporación que realice o gasto protocolario ou de representación debe desagregar o gasto por conceptos, de modo que se poida identificar cos datos fornecidos, no documento normalizado previsto a este efecto.

En concreto, reflexará, necesariamente, os seguintes datos:

a.- A identificación nominal e, no seu caso, o cargo, das persoas que reciban a atención protocolaria de que se trate.

b.- O motivo que xustifique o gasto.

c.- A descrición concreta do acto ou evento que o causa.

Con independencia do carácter protocolario que un gasto pode ter, a falta destes requisitos no expediente supón o incumprimento do establecido na presente regulación para a xustificación dos gastos protocolarios e de representación e a súa imposible verificación documental, polo que iso obriga á función interventora a emitir informe desfavorable ata que todos os datos esixidos sexan cumprimentados polo centro xestor correspondente.

Terán a consideración de atencións protocolarias e representativas aqueles gastos que o alcalde e demais concelleiros teñan a necesidade de realizar no desempeño das súas funcións e redundando no beneficio ou utilidade da Administración, e para os que non existan créditos específicos noutros conceptos.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Todos os gastos deberán acreditarse con facturas ou outros xustificantes orixinais nos termos do artigo 72 do RLCAP, formando a oportuna conta xustificativa e indicando os motivos que xustifican a realización de tales gastos.

CAPÍTULO SEGUNDO
NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS

BASE TRIXÉSIMA PRIMEIRA: INGRESOS DA RECADACIÓN DIARIA

Verbo da autorización concedida polo artigo 198.1 do TRLFL, dítanse as seguintes regras especiais:

1.- O produto da recadación diaria da Tesourería rexistrarase contablemente mediante a súa aplicación provisional.

2.- Dentro da primeira quincena de cada mes, ou antes, se así fose estimado conveniente por razóns de Tesourería, o que deberá apreciar a Alcaldía por proposta da Intervención e da Tesourería, aplicaranse definitivamente os ingresos recibidos e contabilizados na forma indicada no apartado anterior.

3.- Os ingresos recadados por caixa ingresaranse na conta bancaria que corresponda coa periodicidade necesaria para que nunca se supere o saldo máximo autorizado de dous mil euros.

CAPÍTULO TERCEIRO
O RÉXIME DE CONTROL INTERNO

BASE TRIXÉXIMO SEGUNDA: CONTROL E FISCALIZACIÓN

1.- O Pleno municipal, na súa sesión extraordinaria do día 4 de novembro de 2020, acordou, tendo en consideración o Regulamento de control interno do concello de Cambre e o Plan anual de control financiero para o exercicio 2021, aprobados polo Interventor municipal, o establecemento do Rexime de Fiscalización e Intervención limitada previa, completada cun control posterior, respecto dos expedientes municipais da forma seguinte:

> "1.- A fiscalización previa de dereitos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, de acordo co disposto no artigo 219.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- A fiscalización e intervención previa das obrigas ou gastos, de conformidade co disposto no artigo 219.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.
b) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.
c) Que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.
d) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, en relación á fiscalización previa limitada no Estado.
e) Nos expedientes que resulte preceptivo o informe do artigo 173 do ROF, a existencia do informe favorable.

3.- Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización ese informe entenderase subsumido dentro do informe fiscalizador.

As obrigas e gastos sometidos á fiscalización limitada previa serán obxecto doutra plena posterior, que se levará a cabo no marco das actuacións de control financeiro."

2.- O control interno da xestión económica do Concello realizarase sobre o conxunto da súa actividade financeira e sobre os actos con contido económico que a integran, nos termos establecidos no TRLFL, no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, na presente base e demais normativa que o desenvolve, sendo supletoria a Lei xeral orzamentaria e norma ou normas que a desenvolven, aínda que nestas se especifique que o seu ámbito de aplicación é o estatal, sempre e cando estas non conculquen a normativa específica de carácter local.

A Intervención xeral, exercerá as funcións de control interno da xestión económica-financeira, e nesta función estará sometida aos principios de autonomía funcional respecto do órgano controlado, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio.

As funcións de control interno, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, exerceranse pola Intervención municipal coa extensión e efectos que se determinan na lexislación vixente, nas presentes bases, no acordo do Pleno de data 4 de novembro de 2020 ou acordos posteriores adoptados en canto ao réxime de fiscalización e intervención aplicables, no Regulamento de Control interno aprobado polo Interventor municipal, e conforme ao Plan anual de control financeiro para o exercicio 2023, aprobado polo mesmo.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tendo en conta que se ten aprobado polo interventor municipal o Regulamento de Control interno, de cuia aprobación se deu conta ao Pleno con data 4 de novembro de 2020, efectúase remisión á regulación contida en dito documento, e as súas modificacións posteriores, asi como ao Plan anual de control financeiro aprobado para o exercicio 2023, coas seguintes especificidades:

2.1. A Función Interventora

2.1.1. **Comprobacion Material do investimento**. Antes de liquidar o gasto ou recoñecer a obriga verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato. Para tal fin establécese o seguinte réxime de delegacións:

a) O interventor xeral asistirá, persoalmente ou a través de delegación expresa conferida para cada obra particular, á recepción das obras cuxa contía supere os 300.000,00 euros (IVE incluído).

Para tal fin debe producirse a correspondente comunicación cunha antelación mínima de 20 días hábiles respecto do proposto para a recepción das obras, co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo que se ha de realizar.

b) Para a recepción das obras que, sendo superiores a 50.000,00 euros (IVE excluido) non superen os 300.000,00 euros (IVE incluído), delégase de forma xenérica a representación da Intervención xeral nos técnicos adscritos aos Servizos Técnicos de Obras e de Arquitectura, segundo quen teña atribuída a dirección ou codirección da obra correspondente.

Porén, debe producirse a comunicación previa da data prevista para a recepción formal de tales obras coa antelación citada no apartado anterior, co obxecto de que se conte coa necesaria información e, en supostos excepcionais, sexa posible asistir á recepción das obras.

c) Para a recepción das obras cuxo importe final de execución non supere os 50.000,00 euros (IVE excluido), outórgase a delegación xenérica expresada no apartado anterior, sen que sexa necesaria a comunicación previa indicada.

Para os restantes tipos de contratos regulados na normativa contractual das Administracións Públicas, os criterios establecidos nos apartados anteriores aplicaranse tomando en consideración as seguintes particularidades:

Apartado a): Contratos de contía superior a 50.000,00 euros.

Apartado b): Contratos de contía superior a 18.000,00 euros e inferior a 50.000,00 euros.

Apartado c): Contratos de contía inferior a 18.000,00 euros.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A delegación expresa ou xenérica a que se fai referencia nos apartados citados entenderáselle outorgada aos xefes dos respectivos servizos, cando a recepción non requira de especiais coñecementos técnicos. Noutro caso refírese aos técnicos designados polos Servizos de Arquitectura e Obras, segundo proceda de acordo co obxecto do contrato.

En todos os actos de recepción deberá constar expresamente a asistencia da Intervención xeral, ben a través do seu titular ou da persoa que o represente, xa sexa o técnico que asume a delegación xenérica nos actos indicados, xa sexa a persoa designada concretamente para unha obra determinada.

En aplicación do disposto no artigo 20 do Real decreto 424/2017 os órganos xestores deberán solicitar á intervención municipal, ou a aquel en quen delegue, a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe deste sexa igual ou superior a **15.000,00 euros (IVE excluído) tanto en obras como en servizos o suministros.** O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta subscrita por todos os que concorran ao acto de recepción da obra, servizo, adquisición, e na que se fará constar, no seu caso, as deficiencias apreciadas, as medidas a adoptar para subsanalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción. Na antedita acta ou en informe ampliatorio poderán os concorrentes, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que estimen pertinentes.

Nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, a comprobación do investimento xustificarase coa acta de conformidade asinada por aqueles que participaron na mesma ou cunha certificación expedida polo xefe da área, departamento ou sección, a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará terse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou terse executado a obra ou servizo de acordo coas condicións xerais e particulares que, en relación con eles, tivesen sido previamente establecidas.

2.1.2. **O control e fiscalización das concesións de servizos municipais** será exercido pola Intervención xeral, ben directamente cos seus propios medios, ou ben mediante a colaboración de empresas privadas de auditoría no caso de insuficiencia de medios.

O control das concesións de servizos terá por obxecto:

a) Revisar os estados contables e se estes representan a imaxe fiel da súa actividade económica e situación patrimonial, de conformidade coas normas contables que lles sexan de aplicación.

b) Exame pormenorizado do cumprimento dos pactos concesionais, especialmente sobre o cumprimento polo concesionario de:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Obrigas fiscais e coa Seguridade Social
2. Sistemas de aseguramento das súas responsabilidades fronte a terceiros e garantías a favor da Corporación.
3. Aplicación e cobro das tarifas aprobadas.
4. Cumprimento do canon pactado.
5. Réxime de transición no último período da concesión.

c) Exame da situación real, así como do reflexo contable dos bens cedidos ou que lle deban reverter á Corporación e, en especial, a análise do seu equilibrio económico-financeiro.

No caso de que o concesionario renda as súas contas auditadas por expertos independentes, o control financeiro limitarase á supervisión da auditoría realizada e a un informe pormenorizado sobre o sinalado nos apartados b) e c) anteriores. Para tal fin, o concesionario deberá comunicarlle a contratación de auditores á Intervención municipal e deberá acordar con estes que a Intervención terá acceso aos papeis de traballo que serviron de base aos informes de auditoría, así como solicitar canta información resulte necesaria para o exercicio do control financeiro. Igualmente poderá pactarse a realización dunha auditoría conxunta entre o concesionario e a Intervención, que será autorizada polo órgano municipal competente para contratar, logo do ditame da Comisión especial de contas.

No caso de falta de colaboración, negativa ou obstrucción do concesionario, estarase ao réxime de sancións previstas no Regulamento de servizos das corporacións locais, prego de condicións e demais normativa en materia de contratos do sector público.

2.1.3. **A fiscalización das subvencións, axudas e transferencias.** O control das subvencións e axudas realizarase pola Intervencion municipal de acordo co disposto na normativa reguladora aplicable, nas presentes Bases, no acordo do Pleno de data 4 de novembro de 2020 ou acordos posteriores adoptados en canto ao réxime de fiscalizacion e intervencion aplicables, no Regulamento de Control interno aprobado polo Interventor municipal, e conforme ao Plan anual de control financeiro para o exercicio 2023.

O resultado do control financeiro realizado poñerase en coñecemento do Grupo de seguimento do PES 2020-2023.

O resultado de cada un dos informes de control permantente e das auditorias que se realicen documentarase en informes escritos, nos que se exporá de xeito claro e obxectivo os feitos comprobados, as conclusion obtidas e, no caso, as recomendacións que se van a tomar en consideración. Os informes seran remitidos ao organo xestor e a alcaldia, para que a través deste órgano se dea conta ao Pleno da Corporación.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.1.4. **Resultados dos informes de fiscalización.**

O Resultado de Fiscalización dos Expedientes de Gasto poderá ser:

• **Sen Fiscalizar**. Se se comproba que o expediente está incompleto ou se constata a existencia de erros materiais ou de feito. Devolverase o Expediente á Unidade Xestora.

• **Fiscalizado de Conformidade**. Procederá a tramitación do Expediente ante o órgano competente.

• **Fiscalizado de conformidade con observacións**. A Intervención poderá formular as observacións complementarias que considere convenientes, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes. Respecto destas observacións non procederá a formulación de discrepancias por parte da Unidade Xestora.

• **Fiscalizado de conformidade condicionada**. A Intervención poderá fiscalizar favorablemente, a pesar da existencia de defectos que observe no expediente, sempre que os requisitos ou trámites incumpridos non sexan esenciais. Neste suposto, a efectividade da fiscalización favorable quedará condicionada á corrección dos mesmos, con anterioridade á súa aprobación polo órgano competente. Se a Unidade Xestora non liquidase devanditos condicionantes, con carácter previo á continuidade do expediente, entenderase formulado o correspondente reparo.

• **Fiscalizado de desconformidade ou con reparos**. Se a Intervención se manifestáse en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito. Os reparos deberán ser motivados con razoamentos, fundados nas normas nas que se apoie o criterio sustentado e deberán comprender todas as obxecións observadas. O reparo suspenderá a tramitación do expediente, ata que sexa liquidado, nos casos seguintes:

- Cando se base na insuficiencia do crédito proposto ou o proposto non se considere adecuado.
- Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa das ordes de pago ou non se acredite suficientemente o dereito do seu preceptor.
- Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites que, a xuízo da Intervención, sexan esenciais, ou cando se estime que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos ao Tesouro Público ou a un terceiro.
- Cando o reparo deriva de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

2.2.- <u>Control Financeiro.</u>

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rixen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se encontra orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control financeiro así definido comprende as modalidades de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do TRLRFL.

2.3- **Control de eficacia.**

Consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

CAPÍTULO CUARTO
CONTABILIDADE

BASE TRIXÉSIMO TERCEIRA: LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS

1.- A liquidación dos Orzamentos porá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

2.- Corresponderalle ao Alcalde, ou ao concelleiro/a delegado/a da área de Facenda, en caso de delegación desta área, logo do informe da Intervención xeral, a aprobación da liquidación do Orzamento.

3.- Terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación, sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade:

a) Dereitos do propio exercicio, o 0%.
b) Dereitos do exercicio t-1, o 25%
c) Dereitos do exercicio t-2, o 25%
d) Dereitos do exercicio t-3, o 50%
e) Dereitos do exercicio t-4, o 75%
f) Dereitos do exercicio t-5, o 75%
g) Dereitos do exercicio t-6, o 100%.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

BASE TRIXÉSIMO CUARTA: PROCEDEMENTO DE ANOTACIÓN CONTABLE

Todo documento contable entenderase que está debidamente acreditado cando se achegue con comunicación por correo electrónico ou de certificación de Secretaría da resolución administrativa ou o feito contabilizado estea recollido na acta da sesión do órgano colexiado. Porén, os documentos de ordenación do pagamento individualizado e as relacións contables de ordenación e realización do pagamento haberán de estar debidamente acreditados polo Alcalde.

BASE TRIXÉSIMO QUINTA: CRITERIOS DE AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO

Os criterios a seguir para o cálculo das cotas anuais de amortización do inmobilizado material e inmaterial serán os seguintes:

- Uso do sistema de cota lineal recollido pola Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- En aplicación do principio de prudencia, consideración de valor residual nulo dos bens do inmobilizado, dada a dificultade da súa determinación e a ausencia case absoluta dunha xestión municipal que permita a obtención do mesmo unha vez finalizada a súa vida útil.
- En aplicación do principio de importancia relativa, introdución da simplificación na data de adquisición dos elementos do inmobilizado, considerando que todas as altas realizadas durante o exercicio se producen a metade do mesmo, é dicir, o 1 de xullo. Este criterio apenas produce distorsións, xa que en termos xerais, as altas que teñan lugar antes desta data se compensarán coas posteriores, polo que a súa incidencia no resultado é moi pequena e en cambio, a simplificación que aporta ao cálculo e control das amortizacións do inmobilizado é inxente.
- A vida útil e, en consecuencia, a porcentaxe de amortización é a que se recolle na seguinte táboa:

Conta		Vida útil	% de amortización
2060	Aplicacións informáticas	5	20,00 %
2110	Construcións	50	2,00 %
2120	Infraestruturas de pavimentación e Urbanismo	10	10,00%
2121	Infraestruturas abastecimiento e saneamento	40	2,5%
2122	Infraestruturas alumeado público	25	4,00%
2150	Instalacións técnicas	25	4,00 %
2140	Maquinaria	16	6,25 %
2140	Utillaxe	10	10,00 %
216X	Mobiliario	16	6,25 %
2170	Equipos para procesos de información	5	20,00 %

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2180	Elementos de transporte	10	10,00 %
2190	Outro inmobilizado material	25	4,00 %

CAPÍTULO QUINTO
TESOURERÍA MUNICIPAL

BASE TRIXÉSIMO SEXTA: APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS

A concesión de aprazamento e fraccionamento de ingresos públicos corresponderalle ao Alcalde, previo informe da Tesoureira/o municipal.

Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda, logo do pedimento dos obrigados, cando a situación da súa tesourería, discrecionalmente apreciada pola Administración, lles impida efectuar o pagamento das súas débedas e só nos casos e na forma que se determina na presente Base e nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, do 17 decembro, xeral tributaria (LXT) e 44 e seguintes do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR).

1.- Non se concederá aprazamento ou fraccionamento de pagamento das débedas inferiores a 200 euros.

2.- O fraccionamento concederase, se é o caso, por un período máximo de 12 meses, en prazos trimestrais. No caso de aprazamento o prazo máximo non excederá de 6 meses nas débedas inferiores a 500 euros e de un ano nas demais.

3.- Os pedimentos de aprazamento e fraccionamento dirixiránselle ao alcalde para a súa tramitación dentro dos seguintes prazos:

a) Para as débedas que se encontran en período voluntario de recadación dentro do prazo fixado para o ingreso voluntario ou para a presentación das correspondentes autoliquidacións.

b) Para as débedas que se encontren en período executivo poderá pedirse en calquera momento anterior á notificación do acordo de alleamento de bens.

A presentación da solicitude non inicia o período executivo, pero si deveñan xuros de demora que pagarán xunto con cada prazo ou fracción a pagar.

4.- O pedimento de aprazamento conterá necesariamente os seguintes datos:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Nome e apelidos, razón social ou denominación, número de identificación fiscal e domicilio do solicitante e no seu caso da persoa que o represente.
b) Identificación da débeda cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, indicando su importe, concepto y data de finalización do prazo de ingreso voluntario.
c) Causas que motivan a solicitude de aprazamento ou fraccionamento.
d) Proposta de pago indicando o prazo máximo solicitado.
e) Garantía que se ofrece en caso de débedas superiores a 5.000 euros ou solicitude de dispensa de garantía nos casos que proceda.
f) Datos da domiciliación bancaria dos pagos, con indicación do número de conta bancaria na que o Concello poderá cargar, ao seu vencemento, os pagos.
g) Lugar, data e sinatura do solicitante.

5. Á solicitude deberse acompañar os seguintes documentos:
a) Fotocopia do DNI do solicitante e do representante se o houbese.
b) En caso de representante a documentación que acredite a representación.
c) No caso de que o titular da conta sexa distinto do debedor, fotocopia do DNI do titular da conta, se é una persoa física, e do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
d) Se algunha débeda foi determinada mediante autoliquidación o documento desta, salvo que o debedor non estea obrigado a presentalas por obrar xa en poder do Concello.
e) Cando o solicitante sexa un sucesor por falecemento do debedor, a acreditación do falecemento deste e da súa condición de sucesor.
f) Os documentos ou xustificantes que estime oportunos en apoio do seu pedimento acreditativos das súas dificultades de tesourería e, en todo caso:
    - No caso de persoas físicas, fotocopia completa da última declaración presentada do IRPF ou, no seu caso, certificación da Delegación da Axencia Tributaria, facendo constar que non está obrigado a presentar declaración.
    - No caso de persoas xurídicas, fotocopia completa da última declaración presentada do Imposto de Sociedades e balance de situación e conta de resultados.
g) Acreditación da titularidade da conta de cargo. Cando sexa de titularidade do debedor, poderá acreditarse con calquera documento emitido pola entidade de crédito no que conste no IBAN da conta, o BIC da entidade bancaria e o nome e apelidos ou razón social do titular da conta. Se o solicitante non fose o titular requirirase, ademais, autorización expresa deste para que se fagan os cargos na conta da súa titularidade, acompañada de fotocopia do DNI da persoa que firme a autorización.
h) A garantía que ofrece: Aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cando se solicite a admisión de garantía diferente de aval solidario ou certificado de seguro de caución, deberá presentar tamén a documentación prevista no artigo 46.4 do RXR.

Cando se solicite a dispensa total ou parcial de garantía deberá presentar a documentación prevista no artigo 46.5 do RXR.

i) No seu caso, solicitude de compensación durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento cos créditos que podan recoñecerse ao seu favor durante o mesmo período de tempo.

6.- Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, os servizos da Tesourería revisarán a documentación recibida. Se concorrese algún defecto na documentación ou se omitise a garantía ou algún dos documentos, concederáselle ao interesado un prazo de 10 días para a súa resolución, co apercibimento de que se así non o fai se procederá sen máis trámites ao arquivo da solicitude, que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

Así mesmo, examinarán e avaliarán a situación de falta de liquidez do peticionario. Cando as solicitudes presenten especial dificultade, a Tesourería poderá solicitar informe doutros servizos técnicos municipais ou da Deputación.

Se a solicitude e a documentación preceptiva non presentasen defectos ou omisións, ou estes fosen resoltos no prazo, procederase, logo dos trámites oportunos, a ditar resolución expresa.

A resolución deberase notificar no prazo de seis meses. Transcorrido dito prazo sen que se teña feito a notificación, poderase entender desestimada a solicitude a efectos de interpoñer o recurso correspondente ou esperar a resolución expresa.

7.- Das garantías:

Cando a débeda sexa superior a 5.000 euros, como norma xeral o peticionario ofrecerá garantía en forma de aval solidario de entidades de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución suficiente, achegando coa solicitude ou correspondente compromiso expreso destas entidades de formalizar o aval necesario se se concede o aprazamento.

Se non lle fora posible aportar a garantía anterior poderá ofrecer algunhas das seguintes garantías:

a.-Hipoteca inmobiliaria
b.-Hipoteca mobiliaria
c.-Peñor con ou sen desprazamento
d.-Fianza persoal e solidaria

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e.-Calquera outra que se estime suficiente pola administración municipal.

Non se esixirá garantía cando o peticionario sexa unha Comunidade Autónoma, Organismo Autónomo, Corporación Local ou Administración Pública.

A garantía cubrirá o importe principal, da recarga de prema se a solicitude se fixo en período executivo e dos xuros de mora, máis un 25 por 100 da suma de estas.

Tratándose de fraccionamentos, poderán achegarse as garantías parciais por cada un dos prazos.

A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, polo menos, en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos concedidos.

A garantía deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ao da notificación do acordo de concesión, que estará condicionado á súa prestación. Este prazo poderá ser ampliado polo órgano competente para aceptar as garantías, cando se xustifique a existencia de motivos que impidan a súa formalización no devandito prazo.
Transcorridos estes prazos sen se formalizar a garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión, coas consecuencias previstas no artigo 48.7 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

A suficiencia económica das garantías será examinada pola Tesourería. Cando a valoración, ofreza especial complexidade poderá solicitar ditame dos servizos técnicos municipais ou solicitar ou asesoramento da Deputación. En caso necesario poderá, así mesmo, propor a contratación de servizos externos. Cando o xulgue necesario, a Tesourería poderá solicitar ditame sobre a suficiencia xurídica da garantía ofrecida.

As garantías serán liberadas unha vez comprobado o pagamento total da débeda garantida incluídos, se é o caso, os xuros producidos. Cada garantía parcial poderá liberarse cando se satisfacese a débeda por ela garantida.

Poderase dispensar total ou parcialmente da prestación das garantías esixíbles cando o debedor careza de bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio afectará ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben producira graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

Concedido o aprazamento con dispensa de garantía, o beneficiario quedará obrigado durante o período a que aquel se estenda a comunicarlle á Tesourería calquera variación económica ou patrimonial que permita garantir a débeda. En tal caso procederase a formalizar a garantía.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

8.- Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade adiar o cumprimento da obriga tributaria.
b) As presentadas por contribuíntes que incumprisen reiteradamente aprazamentos concedidos ou que non formulasen as garantías.
c) As que correspondan a débedas cuxo importe sexa mínimo en relación coa renda dispoñíbel do peticionario.
d) As correspondentes a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas coa facenda pública sen regularizar.
e) As presentadas con pedimento de dispensa total ou parcial de prestación de garantías por empresas que sexan inviábeis.
f) As feitas por quen ten solicitado a declaración de concurso ou estea incurso en procedemento concursal.

A inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento implicará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos. Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso de reposición.

9.- A resolución notificarase coas seguintes prevencións:

a) Se fose aprobatoria, co cálculo dos xuros e coa advertencia dos efectos que se producirán no caso de falta de pagamento, ou de non constituír a garantía no prazo legalmente establecido.
O tipo aplicable será vixente no momento da solicitude e manterase inalterable ata a total cancelación do aprazamento ou fraccionamento.
No caso de concesión de aprazamento calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada, polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido.
No caso de concesión de fraccionamento calcularanse xuros de mora por cada débeda fraccionada, dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido. Os xuros sobre os que se adquirise dereito por cada fracción deberán pagarse xunto coa devandita fracción no prazo correspondente.
As resolucións aprobatorias de aprazamento sinalarán os prazos, podendo modificar os interesados as propostas e a súa contía. O vencemento dos devanditos prazos levará sempre data do 5 ou 20 de cada mes a que se refiran. No caso de que o aprazamento inclúa varias débedas, sinalaranse individualmente os prazos e a contía que afecten a cada débeda.

b) Se fose denegatoria e a solicitude foi presentada en período voluntario de pagamento, coa notificación do acordo denegatorio iniciarase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. De non producirse o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e deberá iniciarse o procedemento de constrinximento nos termos do artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

10.- Contra a resolución das peticións de aprazamento ou fraccionamento de pago, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de 1 mes a contar desde o seguinte á recepción da notificación da resolución. O recurso deberá resolverse en 1 mes, transcorrido o cal poderá considerarse desestimado por silencio administrativo. Contra a resolución del recurso cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses desde a notificación da resolución do recurso de reposición, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que deba considerarse desestimado por silencio administrativo.

11.- Nos aprazamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuara o pagamento, esixirase a débeda aprazada, os xuros que produciron, e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos conceptos, polo procedemento executivo.

De non efectuarse o pagamento, procederase a executar a garantía para satisfacer as cantidades antes mencionadas. No caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a execución do débito pendente.

Nos fraccionamentos de pagamentos concedidos, se, chegado o vencemento dun calquera dos prazos, non se efectuase o pagamento, as consecuencias serán as estabelecidas no artigo 54.2 e 3 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

A execución das garantías a que se refire este artigo realizarase polo procedemento regulado no artigo 74 do Regulamento xeral de recadación.

O importe líquido obtido aplicarase ao pagamento da débeda pendente, incluídas custas e xuros de mora. A parte sobrante será posta a disposición do garante ou de quen corresponda, unha vez liquidados e satisfeitos todos os xuros de mora producidos.

BASE TRIXÉSIMO SÉTIMA: XUROS DE MORA

Non se practicará liquidación por xuros de mora cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior a diez euros, ao se considerar como contía mínima necesaria para cubrir o custo de súa exacción e recadación.

TÍTULO IV.- PERSOAL MUNICIPAL

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPÍTULO PRIMEIRO
NÓMINAS E ANTICIPOS

BASE TRIXÉSIMO OITAVA: NÓMINAS

1.- O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se cerrará como máximo o día 15 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

2.- Todas as nóminas confeccionaranse, divididas nas Seccións actuais ou naqueloutras que, a xuízo dos responsables de persoal, Intervención e Tesourería, poidan considerarse máis adecuadas. Achegarase un parte das variacións habidas nesta con relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.

3.- O pagamento dos haberes efectuarase mediante transferencia á conta e entidade indicada polo perceptor destes.

BASE TRIXÉSIMO NOVENA: ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

1.- Concederánselles anticipos reintegrables aos funcionarios conforme ao establecido no vixente acordo negociador de condicións de traballos e dereitos sindicais dos funcionarios.

Poderán así mesmo concedérselle ao persoal laboral, de conformidade co establecido no mesmo convenio colectivo.

2.- Para a concesión dun novo anticipo deberá acreditarse que o anterior foi totalmente cancelado.

3.- A concesión de anticipos farase por resolución da Alcaldía.

4.- Á extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello, o persoal afectado virá obrigado ao reintegro do importe pendente de reembolso no prazo máximo de un mes.

5.- Estes anticipos entenderanse sen prexuízo de poder solicitar o anticipo da nómina mensual establecido no Real Decreto-lei do 16 de decembro de 1929, que poderán ser outorgados de forma inmediata por resolución da alcaldía con coñecemento posterior aos representantes de persoal.

CAPÍTULO SEGUNDO
INDEMNIZACIÓNS

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

BASE CUADRAXÉSIMA: INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO

1.- As indemnizacións por razón de servizo do persoal municipal se regulan polo establecido no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais normativa estatal de aplicación.

Darán lugar a indemnización por razón de servizo os seguintes supostos:

a) Comisións de servizos con dereito a indemnización segundo o RD 462/2002.
b) Desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo.
c) Asistencias por participación en tribunais de oposicións e concursos.

Para os efectos de axudas de custo, os funcionarios de nivel 28 ou superior, serán asimilados ao grupo primeiro contemplado no Anexo I do Real decreto 462/2002.

As liquidacións por indemnizacións por razón de servizo practicaranse pola unidade de réxime interior, co conforme do concelleiro delegado da área á que pertenza o traballador municipal autorizando a comisión de servizo.

2.- O persoal municipal que asista ás sesións dos órganos colexiados para dar fe pública, informar ou asesorar, sempre que estas sesións se celebren fóra do horario laboral xeral do Concello, percibirán o 50% das indemnizacións establecidas para os membros da Corporación.

CAPÍTULO TERCEIRO
PERSOAL FUNCIONARIO

BASE CUADRAXÉSIMA PRIMEIRA: PERSOAL FUNCIONARIO

1.- A contía dos diferentes conceptos retributivos que ha de percibir o persoal funcionario axustarase ás seguintes normas:

a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que corresponden aos diversos grupos de clasificación de acordo co Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, percibiranse nas contías sinaladas para o efecto na Lei de orzamentos do Estado para cada ano.

b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo co catálogo aprobado pola Corporación e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada para o efecto pola Lei de orzamentos do Estado.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) O complemento específico experimentará o incremento que se dispoña con carácter xeral para as retribucións de funcionarios na Lei de orzamentos do Estado, e sen prexuízo da reclasificación de determinados postos de traballo de acordo coa normativa vixente.

2.- Poderán ser recoñecidos como gratificacións para os efectos retributivos, os servizos extraordinarios fora da xornada regular de traballo e os realizados para efectuar traballos concretos e específicos, que con carácter excepcional propoñan os responsables de servizos, sen que en ningún caso poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa adquisición de dereito.

3.- A cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade será o máximo establecido pola normativa de aplicación.

Corresponde ao Alcalde, ou ao concelleiro delegado en caso de delegacion, a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de productividade, con suxección aos criterios que no seu caso estableza o Pleno. Neste momento os criterios son os establecidos no Regulamento de Produtividade do Concello de Cambre aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2020, e as súas modificacións posteriores, adoptadas por acordo do Pleno en sesion de 28 de abril de 2022 e de 29 de setembro de 2022.

4.- A cantidade global destinada á asignación de gratificacións será o máximo establecido pola normativa de aplicación.
Corresponde ao Alcalde, ou ao concelleiro delegado en caso de delegacion, a asignación individual, con suxección aos criterios que, no seu caso, establecese o Pleno.

CAPÍTULO CUARTO
NORMAS SOBRE O PERSOAL LABORAL

BASE CUADRAXÉSIMO SEGUNDA: PERSOAL LABORAL

1.- Figura unido ao Orzamento, o cadro de persoal e cadro de postos de traballo do persoal laboral.

2.- Previamente ao comezo das negociacións de Convenio ou Acordos colectivos que se celebren deberáselle solicitar á Unidade de persoal un informe no que se cuantifique a masa salarial autorizada que constitúe o límite máximo das obrigas que se poidan contraer como consecuencia dos devanditos pactos. A cuantificación da masa salarial farase na forma establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Con anterioridade ao acordo ou sinatura de convenios colectivos remitiráselle á Intervención para o seu informe o correspondente proxecto, acompañado da valoración de todos os seus aspectos económicos e cadro comparativo sobre a masa salarial do exercicio anterior, por parte da Unidade de persoal correspondente.

4.- Será de aplicación aos contratados laborais fixos ou contratados laborais temporais que ocupen praza do cadro de persoal interinamente ou que o sexan por obra ou servizo determinado o Regulamento de Produtividade do Concello de Cambre aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2020, e as súas modificacións posteriores, adoptadas por acordo do Pleno en sesión de 28 de abril de 2022 e de 29 de setembro de 2022.

CAPÍTULO QUINTO
NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

BASE CUADRAXÉSIMO TERCEIRA: PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

1.- Dentro do cadro de persoal, unido ao Orzamento figurará o número e características do persoal laboral temporal e eventual para o actual exercicio. Así mesmo figuran nas aplicacións de Órganos de Goberno as contías das retribucións que han de percibir estes últimos segundo o posto de traballo que desempeñen.

2.- Durante a vixencia do Orzamento, cubriranse en caso de necesidade xustificada, con persoal interino, as vacantes do cadro de persoal de funcionarios, efectuándose a provisión de postos de traballo e cesamento neste de conformidade coa normativa en vigor e sempre que se publicase a oferta de emprego público.

Percibirán as súas retribucións con cargo ás consignacións das aplicacións orzamentarias nas que figure o posto vacante que se ha de cubrir interinamente.

3.- Igualmente procederase nos supostos de cobertura de postos de traballo vacantes no persoal laboral, a través da contratación temporal de acordo á súa normativa específica, logo da publicación da oferta de emprego público. En consecuencia, o persoal contratado para o efecto percibirá as súas retribucións con cargo á aplicación na que figure o posto vacante.

4.- Para aqueles supostos de substitucións, interinidades ou contratacións temporais con duración determinada debidas a circunstancias da produción e/ou consecuencia da sinatura de convenios de colaboración con outras administracións públicas que impliquen interinidade ou contratación de persoal sen vacante no cadro de persoal, rexeranse polas normas funcionariais ou laborais aplicables, facultando con carácter xeral ao Alcalde, ou concelleiro

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

delegado da Área de Persoal no seu caso, para efectuar estes mediante a presentación de demanda xenérica a través do "Servizo Galego de Colocación".

5.- Quedan excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento de Produtividade do Concello de Cambre, os empregados públicos adscritos a programas de formación e emprego subvencionados por outras Administracións Públicas ou derivados de convenios específicos con estas, así como os funcionarios interinos por acumulación de tarefas ou contratados laborais temporais por esta mesma causa e o persoal eventual.

CAPÍTULO SEXTO
RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

BASE CUADRAXÉSIMO CUARTA: RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1.- De conformidade con establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, aqueles membros da Corporación que desenvolven as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán as retribucións que se aproben polo Pleno da Corporación, cos límites establecidos nos seus artigos 75 bis e ter, dentro do límite máximo establecido pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2023, ou a que resulte de aplicación mentres non se aprobe a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Neste momento as contías son as aprobadas na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de data 8 de xullo de 2019.

Os concelleiros que perciban retribucións polo exercicio do seu cargo en réxime de dedicación parcial ou exclusiva, non poden percibir indemnización ningunha por asistencia a sesións dos diferentes órganos municipais ou doutros organismos.

2.- As cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, aprobadas en sesión extraordinaria de 23 de decembro de 2021, son:

- Plenos: 200,00 euros
- Comisións Informativas: 150,00 euros
- Xunta de Voceiros: 100,00 euros
- Xunta de Goberno Local ordinaria: 290,00 euros
- Xunta de Goberno Local extraordinaria: 00,00 euros

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Estas cantidades estarán vixentes mentres non se modifiquen por acordo plenario.

Os membros do Grupo de seguemento e avaliación do Plan estratéxico de subvencións percibirán pola súa asistencia a metade do importe establecido por asistencia a Plenos, non devengando retribución ningunha para os Concelleiros con dedicación total ou parcial, segundo o establecido no Plan estratéxico de subvencións 2020-2023.

3.- Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada pola unidade de réxime interior. Terán, así mesmo dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

As axudas de custo a percibir polo Alcalde polos seus desprazamentos, así como os gastos de representación nos que necesite incorrer, poderanse atender a través da aprobación dun anticipo de caixa fixa.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 euros por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente base, e en especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

4.- Terán a consideración de atencións protocolarias e representativas aqueles gastos que o alcalde e demais concelleiros teñan a necesidade de realizar no desempeño das súas funcións e redundando no beneficio ou utilidade da Administración, e para os que non existan créditos específicos noutros conceptos.

Todos os gastos deberán acreditarse con facturas ou outros xustificantes orixinais nos termos do artigo 72 do RLCAP, formando a oportuna conta xustificativa e indicando os motivos que xustifican a realización de tales gastos sendo de aplicación a regulación da base trixésima.

5.- Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva así como parcial, terán dereito a ser indemnizados por outros gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, previa xustificación documental e na contía que determine o Pleno municipal.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TÍTULO V.- SUBVENCIÓNS

CAPÍTULO ÚNICO
PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS

BASE CUADRAXÉSIMO QUINTA: AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

1.- Ámbito de aplicación.- A presente Base é de aplicación a toda clase de axudas e subvencións cuxa xestión lle corresponda ao Concello segundo o disposto polo artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), salvo aquelas que correspondan a unha acción de patrocinio municipal. As "axudas de emerxencia social" regularanse no seu correspondente regulamento municipal e as "Bolsas de estudio" e as axudas para a promoción de actividades empresariais regularanse pola súa convocatoria específica e subsidiariamente por esta Base.

2.- Principios xerais.- As subvencións outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Non será necesaria publicidade cando as axudas ou subvencións teñan asignación nominativa no orzamento xeral.

3.- Beneficiarios.- Terán a consideración de beneficiarios das subvencións ou destinatario dos fondos públicos quen teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexitime a súa concesión.

Son obrigas do beneficiario da axuda as sinaladas no artigo 14 da LXS e particularmente o sometemento ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que lle corresponden á intervención municipal nos termos sinalados no título III da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

4.- Clases de subvencións.- De acordo co procedemento de concesión, as subvencións poden clasificarse en:

a) *Subvencións de concesión directa*: son as previstas nominativamente no Orzamento, aquelas cuxo outorgamento ou contía vén imposta por unha norma de rango legal, aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública e, con carácter excepcional, aquelas nas que se acrediten razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

b) *Subvencións concedidas en réxime de concorrencia*: aquelas nas que a concesión se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación de acordo con criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5.- En todo o non previsto nas presentes Bases estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nas bases de convocatoria das subvencións e nos acordos ou convenios a través dos cales se outorguen e regulamenten as subvencións nominativas.

BASE CUADRAXÉSIMO SEXTA: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

No exercicio 2023, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polo importe máximo que se indica:

APLICACIÓN		SUBVENCION NOMINATIVA	IMPORTE
231	479.00	FONDO GALEGO DE COOPERACION E SOLIDARIDADE	17.000,00 €
231	489.01	ASOCIACION GALEGA CO POBO SAHARAUI	4.450,00 €
231	480.04	ADRA-TEMPLE	5.000,00 €
231	489.03	Convenio CRUZ VERMELLA	4.000,00 €
326	489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ	32.120,00 €
326	489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	20.020,00 €
326	489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ	19.759,00 €
326	489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER	22.580,60 €
326	489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	20.342,00 €
334	489.01	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	63.000,00 €
334	489.02	FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ	12.000,00 €
341	489.01	CLUB CICLISTA CAMBRE	31.000,00 €
341	489.04	CAMBRE BALONCESTO	9.000,00 €
341	489.05	CLUBES DE FUTBOL CAMBRE	31.000,00 €
920	466.00	ENTIDADES DE FEDERACIONES Y MUNICIPIOS	4.000,00 €
		TOTAL	**295.271,60 €**

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base, e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación aprobados polo Pleno, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución ao Alcalde.

O acordo de concesión da subvención nominativa ou o convenio subscrito para o efecto deberá concretar, entre outros aspectos, os seguintes elementos:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Obxecto e finalidade concreta da subvención.

b) Orzamento da actividade á que se destina, se procede.

c) Importe da achega ou porcentaxe que represente sobre o total da actividade obxecto de fomento, se é o caso.

d) Forma e prazo de xustificación documental, e consecuencias asociadas ao seu incumprimento total ou parcial.

e) Forma de pagamento

f) Vixencia temporal.

No caso de que tales aspectos non estivesen determinados expresamente terase en conta o seguinte réxime:

a) Entenderase que o obxecto e finalidade da subvención é a actividade ordinaria do ente público ou privado, sen ánimo de lucro, destinatario da subvención.

b) Tomarase en consideración o orzamento por operacións correntes da entidade.

c) Para determinar o coeficiente de financiamento ponse en relación o importe da subvención outorgada e o orzamento da actividade obxecto dela ou, no seu defecto, o orzamento por operacións correntes da entidade.

d) Se non se determina a forma e prazo de xustificación documental resultará aplicable o seguinte réxime:

A subvención de cada exercicio xustificarase coa liquidación do orzamento ou conta xeral ou balance do exercicio inmediato anterior e co orzamento do propio exercicio.

Se a subvención outorgada tivese carácter finalista específico deberá acreditarse o cumprimento da actividade e xustificación documental do seu custo.

A documentación expresada non será precisa cando a achega sexa resultado da aplicación de cotas de carácter xeral na condición de asociado. Neste caso bastará coa expedición do documento no que se concreten tales cotas.

Corresponderalle ao Alcalde, logo do informe dos servizos competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados. Se se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención se cumpríu poderá manterse sen redución o importe da inicialmente concedida pero, en calquera caso, o importe dos gastos xustificables deberá acadar, polo menos, o importe da subvención. De non cumprirse este requisito darase un prazo

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

non inferior a dez días nin superior a un mes para achegar nova documentación, transcorrido o cal sen a ter recibido, a contía da axuda reducirase na proporción que corresponda.

Se non está especificada a forma de pagamento, o Alcalde poderá determinala.

Con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e de conformidade co establecido no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual. Se nos acordos plenarios adoptados ao respecto non se concreta a vixencia entenderase que esta é anual, referida ao exercicio en que se adoptou o acordo correspondente.

Con carácter excepcional e sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, poderanse conceder de forma directa subvencións non nominativas. Nestes casos o órgano xestor das subvencións, deberá aportar ao expediente unha memoria xustificativa do carácter singular da subvención, e das razóns de interese público, social, económico ou humanitario que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, e non chegaría coa soa invocación de tales razóns, senón que é preciso acreditalas.

BASE CUADRAXÉSIMO SÉTIMA: SUBVENCIÓNS NON NOMINATIVAS DE CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA

A aprobación das convocatorias das subvencións non nominativas esixirá a aprobación das bases que deben rexer a concesións das subvencións. A aprobación das bases que regulan as convocatorias de subvencións e do gasto corresponderalle ao Pleno Municipal, por proposta do Alcalde ou Concelleiro delegado correspondente, logo da acreditación da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e informe favorable de fiscalización, e realizarase preferentemente dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.

As convocatorias, unha vez aprobadas, serán publicadas no *Boletín Oficial da Provincia*.

1.- As bases da convocatoria terán o seguinte contido mínimo:

a) Definición do obxecto e finalidade da subvención.

b) Requisitos que deben reunir os beneficiarios para a obtención da subvención.

c) Procedemento de concesión da subvención.

d) Prazo de presentación das solicitudes así como a documentación que se debe achegar.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e) Importe das axudas ou subvencións que se van conceder, e aplicacións orzamentarias con cargo ás cales se fará, sendo o crédito orzamentario o límite do importe destas.

f) Criterios obxectivos de outorgamento da subvención ou criterios para a súa determinación.

g) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e aplicación dos fondos percibidos.

h) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención.

i) Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achegar os beneficiarios.

l) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En todo caso o importe das subvencións obtidas deste Concello e doutras administracións públicas non poderá superar o custo da actividade que ha de desenvolver o beneficiario.

BASE CUADRAXÉSIMO OITAVA: PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora dende o momento do pagamento da subvención nos casos sinalados nos artigos 36 e 37 da LXS.

As cantidades que se han de reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nas bases de execución do orzamento e nas bases de convocatoria a que se refira a subvención, esixiráselles ás persoas físicas ou xurídicas desta o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguinte procedemento:

a) Iniciación de oficio mediante resolución do Alcalde por proposta da unidade xestora correspondente, no que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

b) A notificación ás entidades ou particulares interesados da devandita resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a emendar as deficiencias observadas, co apercibimento de que no caso de acordarse o reintegro da subvención, esixirase o xuro de mora dende o momento do seu pagamento, de acordo co disposto na LXS.

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) O Alcalde, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que estas se presentasen, ditará resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.

d) No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase co fin de que se faga efectivo, nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público.

BASE CUADRAXÉSIMO NOVENA: RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas, as establecidas nos artigos 52 e seguintes da LXS.

Serán responsables das infraccións os beneficiarios que realicen as condutas tipificadas. As infraccións sancionaranse mediante multa ou sancións non pecuniarias segundo o disposto no artigo 59 e seguintes da LXS.

As sancións por infraccións graduaranse atendendo ao establecido no artigo 60 da LXS.

As sancións serán acordadas e impostas polo concelleiro delegado da área responsable da xestión das axudas. A imposición das sancións efectuarase mediante expediente administrativo no que se lle dará audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente.

O expediente poderá iniciarse de oficio como consecuencia da actuación investigadora do Concello ou das actuacións de control financeiro.

A acción para impoñer estas sancións prescribirá aos catro anos, que comezarán a contar dende a comisión da infracción.

Serán responsables subsidiarios da obriga de reintegro e da sanción, se é o caso, os administradores das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios para o cumprimento das obrigas infrinxidas, adoptasen acordos que fixesen posibles os incumprimentos ou consentisen ou de quen deles dependan.

BASE QUINCUAXÉSIMA: EXPEDIENTE DO GASTO

As actuacións que se han de levar a cabo para autorizar a realización do gasto que implica a concesión da subvención, quedarán reflectidas nun expediente de gasto. O devandito expediente terá os documentos que esixen as disposicións vixentes e como mínimo serán os que seguen:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Proposta concreta de concesión, coa designación nidia do beneficiario e, se é o caso, do perceptor ou entidade colaboradora.

b) Certificación da existencia de crédito orzamentario.

c) Os demais requisitos que, segundo a normativa da subvención, poida ter fixado como necesarios.

d) Fiscalización do gasto nos termos sinalados nestas Bases.

e) Aprobación da proposta.

f) O acto de aprobación do expediente axeitadamente documentado será dabondo para expedir o documento contable AD.

BASE QUINCUAXÉSIMA PRIMEIRA: DOTACIÓN ECONÓMICA PARA OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

1.- As dotacións económicas para os grupos políticos do Concello de Cambre, conforme co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e que se recollen na aplicación 912.482.00 constarán dun compoñente fixo, idéntico para cada un dos grupos, e outro variable en función do número de membros de cada un deles.

Polo Pleno da Corporación en sesión do 8 de xullo de 2019, asígnase a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica co fin de colaborar nos gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación como grupo político municipal, cos seguintes criterios de reparto:

a) Compoñente fixo de asignación: 2.000,00 euros/ano

b) Compoñente variable: 1.000,00 euros/ano por cada membro do grupo:

- UxC (8 concelleiros): 8.000,00 €/ano
- PSdeG-PSOE (4 concelleiros): 4.000,00 €/ano
- PP (3 concelleiros): 3.000,00 €/ano
- BNG (2 concelleiros): 2.000,00 €/ano
- Alternativa dos veciños (2 concelleiros): 2.000,00 €/ano
- GM (2 concelleiro): 2.000,00 €/ano

2.- As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.

3.- Estas dotacións cumprirán os seguintes requisitos:

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.1.- Non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

3.2.- Ingresaranse en conta aberta a nome dos grupos políticos no banco ou caixa que sinalen.

3.3.- O pagamento efectuarase, como regra xeral, contra xustificante expedido a finais de cada semestre, polo voceiro do grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de concelleiros en exercicio adscritos ao grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado 1º. No mesmo, indicarase o número de conta corrente a nome do grupo político onde desexen se faga efectivo o pagamento.

3.4.- A achega terá carácter incondicional, salvo o establecido no apartado 1º, polo que non será necesario xustificar o destino dado aos fondos percibidos, sen prexuízo da necesidade de levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que se porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida. Se é o caso, poderá solicitar o informe da intervención municipal sobre o cumprimento das normas que rexen estas dotacións. Esta contabilidade consistirá, polo menos, nun libro de caixa que rexistre as entradas e saídas de fondos, que poderá ser dilixenciado pola Secretaria municipal.

TÍTULO VI.- INFORMACIÓN AO PLENO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E PRAZOS DE PAGO

CAPÍTULO ÚNICO

BASE QUINCUAXÉSIMO SEGUNDA: INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E PRAZOS DE PAGO.

A Intervención Xeral remitiralle ao Pleno, por conducto do alcalde ou concelleiro delegado da Área de Facenda en caso de delegación desta área, información trimestral da execución dos Orzamentos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación.

Así mesmo darase conta ao Pleno, de forma trimestral e por conducto do Alcalde ou Concelleiro delegado da Área de Facenda no seu caso, dos informes da intervención e tesourería municipal sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O Alcalde,
Óscar A. García Patiño

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 13/12/2022 19:06:00)
Versión imprimible
CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.